

Cadernos
de **Lingua**
2020

38
núm.

Cadernos de Lingua

Ano 2020

38



REAL ACADEMIA GALEGA

Comité editorial:

Dirección: Manuel González González

Secretaría: Xosé Luís Regueira Fernández

Secretaría técnica: Carme Pazos Balado, Xaquín Loreda Gutiérrez, Nélida Cosme

Consello de redacción:

Rosario Álvarez Blanco

Ana Isabel Boullón Agrelo

Francisco Cidrás Escaneo

Xosé Henrique Costas González

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Ernesto González Seoane

Ramón Lorenzo Vázquez

Gonzalo Navaza Blanco

Alba Nogueira López

Henrique Monteagudo Romero

Fernando Ramallo Fernández

Goretti Sanmartín Rei

Dolores Sánchez Palomino

Antón Santamarina Fernández

Contacto:

cadernos@academia.gal

<http://publicacions.academia.gal/index.php/Cadernos/index>

Imprime:

Lugami Artes Gráficas

Infesta, 96

15319 Betanzos

Tlf. 981 774 171

lugami@lugami.com

ISSN: 1130-5924 (edición impresa)

ISSN-e: 2603-6975 (edición dixital)

Depósito legal: C 1642-1992

©Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

Tlf. 981 20 73 08

Fax. 981 21 64 67

www.academia.gal

15001 A Coruña



REAL
ACADEMIA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA



COMITÉ CIENTÍFICO

- Takekazu Asaka – Univ. Tsudajuku de Toquio
- Débora Campos Vázquez – Univ. de Buenos Aires
- Elisabetta Carpitelli – Univ. Alpes-Grénoble
- Ernestina Carrilho – Univ. de Lisboa
- Olga Castro – Aston University, Birmingham
- Atilio Castelucci – Univ. Sapienza Roma
- Ramón de Andrés Díaz – Univ. de Oviedo
- Benigno Fernández Salgado – Univ. de Vigo
- Manuel Ferreiro Fernández – Univ. da Coruña
- Maria Filipowicz-Rudek – Univ. de Cracovia
- Xosé Ramón Freixeiro Mato – Univ. da Coruña
- Enrique Gargallo Gil – Univ. de Barcelona
- Valéria Gil Condé – Univ. de São Paulo
- Xavier Gómez Guinovart – Univ. de Vigo
- Xosé María Gómez Clemente – Univ. de Vigo
- Taina Hämäläinen – Univ. de Helsinki
- Johannes Kabatek – Univ. de Zurich
- Xabier Kintana – Euskaltzaindia
- Ramón Mariño Paz – Univ. de Santiago de Compostela
- Hector Muñoz Cruz – Univ. A. M. de México D.F
Unidad Iztapalapa
- Guillermo Rojo – Real Academia Española
- Antonio Romano – Univ. Torino
- Johannes Schnitzer – Institut für Romanische Sprachen
Wirtschaftsuniversität-Wien
- Carsten Sinner – Univ. de Leipzig
- Andrés Suárez González – Univ. de Santiago de Chile
- Ildikó Szijj – Eötvös Loránd University
- Xavier Varela Barreiro – Univ. de Santiago de Compostela
- Nikola Vuletić – Universidade de Zadar
- Helena Zernova – Univ. estatal de San Petersburgo

ÍNDICE

Artigos:

- A muda lingüística na xuventude: momentos e factores / 9
/ Lidia Gómez Martínez
- A fronteira galego-portuguesa. 53
Actitudes e percepcións lingüísticas /
/ Lucía Díaz Nicolino
- Apuntamentos básicos 77
para un estudo do galego de Cerdido /
/ José Luis Graña Muíño

Recensións:

- Estudos de Lingüística Galega* número especial (2018) 111
[monográfico: *Gramáticas en tránsito. Variación e mudanza no complexo lingüístico galego-portugués*].
Edición de Francisco Cidrás, Francisco Dubert e Xosé
Luís Regueira. 268 páxs /
/ Raquel Vila Amado
- Normas de entrega de orixinais para a publicación 117

TABLE OF CONTENTS

Articles:

Linguistic change in youth: moments and factors / / Lidia Gómez Martínez	9
The Galician-Portuguese border. Linguistic attitudes and perceptions / / Lucía Díaz Nicolino	53
Basic notes for a study of Galician of Cerdido / / José Luis Graña Muíño	77

Reviews:


<i>Estudos de Lingüística Galega</i> número especial (2018) [monográfico: <i>Gramáticas en tránsito. Variación e mudanza no complexo lingüístico galego-portugués</i>]. Edición de Francisco Cidrás, Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira. 268 páxs / / Raquel Vila Amado	111
Indications for submission of originals	117

ARTIGOS

A muda lingüística na xuventude:
momentos e factores /
/ Lidia Gómez Martínez

A fronteira galego-portuguesa.
Actitudes e percepcións lingüísticas /
/ Lucía Díaz Nicolino

Apuntamentos básicos
para un estudo do galego de Cerdido /
/ José Luís Graña Muíño



A MUDA LINGÜÍSTICA NA XUVENTUDE: MOMENTOS E FACTORES

Lidia Gómez Martínez
Real Academia Galega
lidia.gomez.martinez@rai.usc.es

Resumo: Neste traballo explóranse, a través de entrevistas semiestruturadas, as narrativas biográficas de dezasete mozos e mozas galegas na procura de mudas lingüísticas (Pujolar [et al.] 2010) co obxectivo de comprender cales son os momentos vitais e os factores que propician cambios nos usos lingüísticos para unha mellor planificación das accións normalizadoras así como das políticas lingüísticas. A análise das traxectorias vitais das persoas entrevistadas, agrupadas segundo a súa lingua inicial, faise de maneira sistemática, atendendo a: contexto familiar e xeográfico, etapa educativa, entrada no mundo laboral e actitudes lingüísticas. Finalmente preséntanse nas conclusións os momentos e factores concretos que semellan propiciar a muda lingüística (se se produce), así como algúns dos aspectos sobre os que, tendo en conta os resultados deste traballo, deberían actuar as accións normalizadoras e as políticas lingüísticas.

Palabras chave: muda lingüística, biografía lingüística, mocidade, política lingüística.

Title: Linguistic change in youth: moments and factors.

Abstract: This paper explores, using semi-structured interviews, the biographical narratives of seventeen young Galician men and women in search of linguistic changes (Pujolar [et al.] 2010) aiming to understand which are the life moments and factors that favour changes in linguistic uses, so that normalizing actions and linguistic policies planification could be improved. The analysis of the life trajectories of the interviewees, grouped by initial language, is done in a systematic way, paying attention to family and geographical context, education, entering the world of work and linguistic attitudes. In the

final conclusions, life moments and factors that seem to favour linguistic changes (if these take place) are presented, including some aspects to which normalizing actions and linguistic policies should pay more attention.

Key words: linguistic change, biographical narrative, young people, linguistic policy.

1. INTRODUCCIÓN

O concepto de muda lingüística foi introducido por Joan Pujolar, Isaac González e Roger Martínez, que especifican que esta noción remite á idea de cambio nas características dun ser vivo, parte natural do ciclo vital. Estes autores interpretan a muda lingüística como un proceso que se caracteriza ben porque unha persoa cambia a lingua que falaba con coñecidos ou en contextos concretos ou ben porque cambia as regras que lle levaban a decidir o idioma que empregaba en determinadas situacións (Pujolar [*et al.*] 2010: 67). Indican, ademais, os momentos vitais nos que se adoitan producir estas mudas: o acceso á gardería ou á educación primaria; o paso á educación secundaria; no caso de quen opta por estudos superiores, a entrada na universidade; o inicio da vida laboral; o establecemento dunha relación de parella; e, por último, o nacemento do primeiro fillo ou filla.

Ter como concepto central dun estudo sociolingüístico a muda implica deixar de lado mapas e gráficos sobre a presenza das linguas nun determinado territorio ou sociedade para prestar atención ás traxectorias lingüísticas, así como aos cambios no comportamento lingüístico ó longo da vida (Pujolar [*et al.*] 2010: 66), o que permite centrarse xa non no que ocorre coa(s) lingua(s) en Galicia, senón en cando e por que, é dicir, nos *momentos e factores*.

Agora ben, como indican tamén Pujolar [*et al.*], investigar as mudas obriga a un cambio de perspectiva e, por consecuencia, a un cambio metodolóxico. Así, é preciso adoptar un punto de vista diacrónico que permita ter en conta os cambios biográficos nos usos lingüísticos, o que repercute nos ámbitos da normalización e a planificación lingüísticas, xa que, ó saber *quen* realiza ou sofre

o cambio, *como* o fai ou o xestiona, *onde*, *cando* e *por que*, poderanse planificar as accións normalizadoras dun xeito máis eficiente e cunha maior proxección de éxito (Pujolar [et al.] 2010: 67). É certo que unha metodoloxía como a que se vai describir non permite abranger corpus amplos, polo que a xeneralización dos resultados obtidos resulta limitada; porén, un achegamento coma este non procura verdades xerais, senón unha comprensión máis profunda daquelas situacións nas que indaga (De Fina 2003: 223). É por isto que este traballo ten, fundamentalmente, dous obxectivos: identificar nas narrativas dos e das informantes os momentos nos que se producen mudas lingüísticas e analizar os factores que permiten explicar non só a muda senón tamén a súa ausencia.

1.2-. METODOLOXÍA

Unha das posibles maneiras de estudar as mudas lingüísticas nas biografías dos e das falantes é a través das súas narrativas, de como contan e interpretan as súas experiencias vitais arredor da(s) lingua(s). Neste ámbito o estudo de referencia é o realizado arredor da construción da identidade dos emigrantes mexicanos en Estados Unidos por Anna De Fina, que considera as narrativas como un xeito privilexiado para a elaboración das experiencias humanas, razón pola cal son propicias para o estudo das comunidades humanas en campos como a antropoloxía, a etnografía e o folclore, entre outros (De Fina 2003: 6).

Neste traballo empregouse a mesma técnica para a obtención das narrativas: a entrevista semiestruturada, que permite falar cunha maior liberdade e amplitude das propias experiencias. As entrevistas das que se toman os datos foron realizadas no marco do proxecto en curso *O galego segundo a mocidade* do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. O guión destas non é de deseño propio e foi creado para analizar o momento concreto da entrada no mundo laboral e o seu impacto nas prácticas lingüísticas da mocidade, o que explica o paso por alto de cuestións nas que, nunha entrevista deseñada *ad hoc*, se profundaría. As conversas, un

total de dezasete, foron dirixidas por tres entrevistadores distintos¹ entre os anos 2017 e 2018. As persoas participantes, once mulleres e seis homes, naceron todas entre os anos 1991 e 1999; a participación de moitos conseguiuuse mediante o *snowball sampling*, técnica de selección de participantes a través da identificación dun suxeito inicial que serve para identificar outros posibles participantes e contactar con eles (Atkinson/Flint 2004: 1043). Esta é a razón de que a meirande parte dos e das informantes pertencen a dúas áreas xeográficas moi concretas: Santiago de Compostela e contorna e, por outra banda, o territorio comprendido entre as cidades de Betanzos e Ferrol. Porén, en todas as entrevistas se buscaba un mesmo perfil: mozas e mozos galegos que se incorporaran ao mercado laboral había relativamente pouco tempo ou que estivesen rematando a súa formación pero que contasen con certa experiencia laboral. É necesario indicar tamén que algunhas das persoas entrevistadas eran coñecidas pola investigadora, o que, por unha banda, permite o contraste de información e experiencias pero por outra pode condicionar o desenvolvemento da entrevista e as posibles reflexións que poidan emerxer.

Preséntase a continuación unha táboa que condensa a información relevante das persoas entrevistadas, cuxo anonimato intenta manterse, razón pola cal as súas intervencións e as mencións que a eles e elas se fagan no texto serán mediante os identificadores da grella; a maiores elimináronse os nomes de terceiras persoas que saísen nas conversas, mais non os topónimos por considerar que a xeografía é un elemento importante á hora de analizar as prácticas lingüísticas dos mozos e mozas de Galicia.

1 Codificados nas entrevistas como OSC, ANI e LID (eu mesma).

Táboa 1. Características informantes

Id.	Sexo	Lugar Nacemento	Lugar Residencia	Estudios	Emprego	L1	LH
PA	M	Negreira	Negreira	Universitarios	Hostalaría	G	G
AL	H	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Universitarios	Docencia extraescolar	G	G
DA	H	Abegondo	Santiago de Compostela	Universitarios	Investigación	G	G
MA	H	Boqueixón	Boqueixón	Universitarios	Educación non formal / Hostalaría	G	G
NU	M	Paderne	Paderne	Universitarios	Deseño gráfico	G	G
AN	H	Val do Dubra	Val do Dubra	Secundarios	Tempo libre / Hostalaría	G	G
MAL	M	Ferrol	Ferrol	Universitarios	Atención ao cliente / Investigación / Autoemprego	C	G
LU	M	Oleiros	Santiago de Compostela	Universitarios	Investigación / Atención ao cliente	C	G
CA	M	Ordes	Ordes	Formación profesional	Estética	G	G

Id.	Sexo	Lugar Nacemento	Lugar Residencia	Estudios	Emprego	L1	LH
CR	M	Ordos	Ordos	Formación Profesional e Mestrado	Administración empresa	G	G
MAR	M	Abegondo	Abegondo	Universitarios	<i>Retail</i> de mobiliario	G	As dúas
ALO	H	Betanzos	Betanzos	Universitarios	Hostalaría	C	C
BE	M	Teo	Teo	Universitarios	Educación non formal	G	G
SA	M	Santiago de Compostela	Ames	Universitarios	Educación non formal	G	G
FO	H	Irixoa	Betanzos	Universitarios	Terapia ocupacional	As dúas	As dúas
FA	M	Paderne	Paderne	Universitarios	Fisioterapia / Investigación	C	C
DI	H	Valencia (Venezuela)	Santiago de Compostela	Universitarios	Servizos	C	C

Antes de entrar no corpo do traballo é preciso realizar unha serie de aclaracións. En primeiro lugar, as prácticas lingüísticas que aquí se describen son as *declaradas* polos participantes no momento das entrevistas, o que non implica, necesariamente, que sexan as reais. Volvendo a De Fina (2003: 95), é preciso ter en conta que o que estamos a analizar son narrativas e, polo tanto, construcións, no sentido de que os seus contadores e contadoras escollen como presentalas e o significado que lle atribúen ao presentalas desa maneira concreta.

En segundo lugar, tomouse a decisión de dividir os e as informantes segundo a súa lingua inicial, tendo así un grupo de Castelán Lingua Inicial e outro de Galego Lingua Inicial; dentro deste último, realizáronse dúas subcategorías, segundo converxesen cara á lingua dos interlocutores ou mantivesen a lingua galega. O establecemento da lingua inicial como o punto de partida para clasificar os e as entrevistadas xustifícase polo feito de que se van analizar biografías lingüísticas dende un punto de vista diacrónico e, dentro destas, as direccións do cambio, se o hai, dende unha lingua de orixe (a inicial) cara a unha lingua de chegada (a habitual dos e das informantes á hora de seren entrevistados).

2-. A MUDA LINGÜÍSTICA NA XUVENTUDE

O corpus de entrevistas que sustentan este traballo divídese en dous grandes grupos segundo a lingua inicial das persoas entrevistadas, o que marca tamén os apartados deste estudo, centrados en debullar as historias lingüísticas dos e das informantes na procura de mudas. Os aspectos ós que se lle presta atención son o contexto familiar e xeográfico, especialmente se se produciron migracións; a etapa educativa ó completo, a presenza do galego tanto no grupo de iguais coma no corpo docente, así como as actitudes cara á lingua; por último, analizamos tamén a etapa laboral e a influencia que a entrada a este mundo puido ter nas prácticas lingüísticas.

2.1.- CASTELÁN LINGUA INICIAL

Os informantes pertencentes a este grupo proveñen de proxenitores castelanfalantes, mais certos comentarios permítenos afirmar que no seo dalgunhas das familias tivo lugar a ruptura da transmisión interxeneracional do galego:

FA: mis abuelos si hablan en gallego [...] pero mis padres siempre me hablaron en castellano.

MAL: meu pai si que era galegofalante pero ó casar con miña nai pois | empezou a falar en castelán e a min me criaron en castelán.

En canto á procedencia xeográfica dos informantes, dous deles naceron e seguen a vivir en cidades (MAL e DI); do resto, LU naceu na área periurbana da cidade da Coruña, mais residiu dende moi pequena no rural, onde tamén foi escolarizada. FA naceu e segue no rural, onde asistiu ós primeiros anos da educación infantil, mais dende a primaria desprazouse diariamente a Betanzos para ir á escola primeiro e despois ó instituto. Os casos de LU e de FA chaman a atención, especialmente o desta última, que describe como, dos rapaces da aldea, ningún falaba galego. No caso de LU, quen se trasladou dende un concello da área periurbana da Coruña a un rural, ela si que describe como a súa contorna tiña como lingua habitual o galego, polo menos os adultos.

Nestes casos parece importar máis que os concellos de Paderne e Vilarmador se atopen en áreas de influencia de cidades como A Coruña ou Ferrol, puntos de referencia académicos e de ocio para a mocidade, que que sexan de carácter rural, co cal o binomio rural-urbano e a súa asociación con galego-castelán perde forza fronte ó carácter de cidade das poboacións onde traballan os pais e estudan e fan vida social os fillos. En relación con isto, outro punto en común destas catro persoas entrevistadas é que a lingua habitual nos seus grupos de amigos é o castelán, idioma predominante nos centros educativos nos que cursaron a educación secundaria. A este respecto, as actitudes cara á(s) lingua(s) son opostas: FA e MAL recordan actitudes negativas ou, directamente, hostís cara ó galego:

FA: sí que recuerdo por exemplo asignaturas como ciencias naturales con <nome da profesora> que yo juraría que el libro estaba en gallego pero que ella la daba en castellano.

MAL: o galego si que: xusto no instituto había bastantes loitas de feito un ano que a dirección acolleu o equipo de galego o sea de linguas e tal | decidiu poñer en plan que tiñan que dar as clases en galego os profesores | *houbo loitas aí internas e pelexas de profesores que incluso na clase nos daban o típico mitin de por que me obrigan a falar galego* en clase e esas cousas.

Pola contra, DI describe o instituto no que cursou o bacharelato como pro-galego; da seguinte cita resulta especialmente interesante o final, onde especifica que o que pretendían os profesores non era que o galego tivese vantaxes sobre o castelán senón que estivese en igualdade de condicións:

DI: [...] y luego: en el Rosalía si ahí: que tiraba mucho más por el gallego y si veías un cincuenta cincuenta digamos de profesores y o sea no sólo el de gallego te hablaba en gallego [...] había como mucho apoyo hacia la lengua y tal | sí que: | o sea teníamos ya como uno es más mayor bachiller y algunas veces pues con los profesores | hablas esas cosas y como hay que apoyar no sé qué el desequilibrio que hay y todo [...] si es que es lo de siempre o sea tampoco creo que sea una: algo | ser favorable al gallego sabes? [...] o sea creo que es justo no es ser favorable sino como: darle también su espacio [...] que es necesario [...] no es como: darle ventajas sino: obviamente tiene que estar ahí | y: | para ponerlo en igualdad básicamente no es darle: más derechos.

A este respecto, é preciso lembrar que MAL estudou en Ferrol e FA en Betanzos, vila grande da área de influencia da cidade da Coruña. Aínda así, tamén debe recordarse que é precisamente nun instituto hostil ó galego onde MAL comeza a escribir nesta lingua para, máis adiante, pasar a facelo a súa lingua habitual, por influencia das accións do equipo de normalización lingüística:

MAL: empezou un pouco por convicción | na escola | porque vía que bueno dende Normalización Lingüística facíanse moitas

cousas culturais sobre todo que me gustaban | e: vía como no meu entorno ninguén falaba galego e *decidín facelo un pouco por recuperar a lingua*.

Os centros educativos son espazos de socialización secundaria, a meirande parte das veces os lugares onde os rapaces e rapazas conforman as súas redes sociais, concepto sobre o que se profundará máis adiante. Por iso, non deberían tratarse estas etapas sen mencionar os grupos de amigos ou, polo menos, os de iguais. Así, as catro persoas entrevistadas declaran que nos seus grupos a lingua habitual é o castelán, ás veces con actitudes abertamente negativas cara ó galego:

MAL: si que son cousas directas como de “a ver no puedes cambiar un ratito?” cousas así sabes? [...] igual oigo un comentario ou me fan a burla ou rollos así (risa).

O paso á universidade supón unha expansión de horizontes, pois os e as entrevistadas atopan máis xente que ou ben ten o galego como lingua habitual ou ben cambia de lingua se elas lle falan en galego. As seguintes citas amosan a invisibilización que sofre a lingua galega, especialmente entre a xente nova, en certas áreas xeográficas, xa que atopar persoas galegofalantes supón unha sorpresa, especialmente para FA, pero tamén para MAL:

FA: cuando di el cambio de conocer más gente [...] a: | estudiar en La Coruña y coincidí con sesenta personas en clase y vi que de ellas | pues a lo mejor: | no sé quince pues podían hablar gallego espontáneamente [...] o: siempre | pues dije bueno | [...] ¡pues hay más gente que habla gallego! (risa).

MAL: na universidade si que me pasaba | non traballando digo estudando que si que | *había xente que descubrín despois | que eran galegofalantes (risas) como?! era como unha sorpresa!*

Como contrapunto, é precisamente na facultade onde LU muda as súas prácticas lingüísticas, pasando do castelán ó galego por influencia dunha profesora:

LU: sempre tivera esa sensibilidade pero nunca me atrevera a dar o paso non? [...] creo que foi en segundo de carreira ou así polas clases dunha profesora da facultade <nome de profesora> pois: | non sei xa: | impulsoume a dar o cambio sabes? é decir | pois por que non?

Temos entón, no grupo de persoas coa lingua castelá como L1, dúas rapazas que mudan cara ó galego, cambio que adoita encadrarse dentro da categoría dos neofalantes, definidos por Ramallo (2018: 487) como aquelas persoas que, prototipicamente, se unen á comunidade de fala de xeito activo despois de aprender unha lingua, no caso do Estado español unha das minorizadas, mediante a socialización secundaria. Os casos de LU e MAL teñen semellanzas e diferenzas, comezando polo momento e o xeito no que se produce a muda: no caso de MAL o cambio comeza antes, no instituto, e dáse de xeito progresivo, primeiro na escrita e despois na fala; pola contra, LU fai do galego a súa lingua habitual na etapa universitaria e de maneira repentina:

LU: recordo a miña compañeira de piso que *cheguei | púxenme a barrer i falei galego* i que fas? sabes? como: que raro esto!

Ademais, polo que pode observarse nas entrevistas, os vínculos co galego eran maiores no caso de MAL, pois era a lingua habitual de seu pai e da súa avoa, o que quizais explique por que di *recuperar a lingua* cando fala dos motivos que a levan a empregar o galego, que semella terse perdido na súa familia. A maiores, o entorno das dúas persoas é ben distinto, pois o de MAL presenta actitudes abertamente hostís, como xa se viu. Así mesmo, é interesante observar as repercusións que a muda lingüística destas entrevistadas ten na familia: MAL reconece que seu pai, dende que ela mudou as súas prácticas, comezou a falar máis galego; algo semellante ó que ocorre cos avós de LU.

MAL: meu pai | ahora case (risa) se está volvendo galegofalante outra vez dende que eu lle falo en galego xa fala en galego cos demais tamén si.

LU: miña bisavoa que tamén estivo escolarizada un tempo claro pois | para ela o galego estaba prohibido entón | eles sempre castelán | comigo si que moitas veces falan en galego agora que eu empecei a falar galego pero: | pero falan castelán.

Ademais, o feito de que elas falen galego en ambientes castelanfalantes tamén provocou que outras persoas o falen, ou polo menos lle contesten nesta lingua:

LU: agora: | meu pai e meu irmán ás veces en galego entón agora hai veces que: | eles me contestan en castelán i outras en galego a verdade é que non: [...] pero bueno eles normalmente falan castelán [...] bueno e: | meu mozo: fala castelán normalmente pero comigo sempre galego [...].

Esta influencia nas prácticas lingüísticas de certos achegados é a primeira das semellanzas observadas entre estas dúas mozas entrevistadas que, nos seus relatos sobre a muda, refiren tamén como, sobre todo ó principio, hai momentos de certa tensión:

LU: a xente que coñecía de toda a vida: a familia i demais claro | si que *como tes que explicar e por que tal e por que non tal*.

MAL: e si que me pasou de: | sen querer que se me escapase o galego con algún profesor que tal e: [...] *por que me falas en galego? sabes? preguntáronme así directamente*.

A ansiedade situacional ou certo medo ó rexeitamento pode ser tamén o motivo polo que, no ámbito laboral, as entrevistadas contan con dúas ou máis versións do seu currículo, empregando as escritas en castelán para os traballos relacionados co seu ámbito académico:

MAL: teño en inglés castelán e galego | *pero teño que dicir que case todo o que boto de enxeñería o boto directamente en castelán despois si que botei algún a entidades así sociais ou cousas así que si que o mandei en galego* | pero: | moi puntualmente case sempre o mando en castelán.

LU: e: | teño: dúas copias | o sea teño un en castelán e outro en galego si | e: non recordo: | *para Decathlon en galego* | *para o da universidade: en castelán* [...] por que é o que utilizo para convocatorias MEC i todas esas cousas tamén | é o:²

É precisamente no ámbito académico, non propiamente no entorno laboral, onde MAL é cuestionada abertamente pola súa lingua habitual, a mesma que os seus superiores lle piden que empregue á hora de redactar os documentos oficiais:

MAL: na universidade [...] aínda que a lingua supostamente oficial é o galego ó final | tiven que elaborar manuais e si que aí me decían | no en castelán porque é propio para nós e se entende mellor | e logo: si que elaborei tamén unhas prácticas para uns alumnos e aí pedíronme | malia que todo o mundo usaba castelán no laboratorio | que a fixera en galego porque como era o texto oficial que se lle iba dar ós alumnos.

LU e MAL son, entón, as dúas persoas que semellan experimentar unha muda lingüística no sentido en que estas son definidas por Pujolar. Aínda así, nas súas respectivas entrevistas, DI e FA sinalan ocasións puntuais nas que cambian de código e *falan* en galego:

DI: hay uno que: | uno de clase que se llama <nome> que con él como: | eso lo tiene muy cerrado y no sé a veces como que me sale hablar así | o sea no cerrado [...] con el acento que tengo | gallego que tengo pero: a veces si que me sale hablar con él algo de:

FA: de vez en cuando me sale la mítica frase que si sueltas en gallego porque eres de aquí y es la que oyes de pe: | tipo pero ti que dis? o algo así pero bueno | mayoritariamente me expreso en castellano.

No caso de DI resulta especialmente interesante o seu comportamento, xa que na entrevista reconece que no seu entorno hai

2 O grupo de investigación no que traballou LU pertence ó departamento de Literatura Española da Universidade de Santiago de Compostela.

máis persoas galegofalantes en interacción coas cales se mantén en castelán, sendo a variedade dialectal o feito que lle fai converxer, mais non na variedade *cerrada*, que, aínda que non o fai explícito, debe percibir como negativa en certa medida, pois aclara que converge *con el acento gallego que tengo*.

Aínda que FA e DI presenten mudas esporádicas, aprécia-se unha diferenza fundamental respecto das actitudes. Por unha banda, DI presenta unhas actitudes positivas, seguramente relacionadas coas que describiu no instituto, mentres que as de FA son difíciles de definir, pois atopa *extraño*, ao comezar na facultade o feito de que haxa xente doutras zonas de Galicia que fale galego de xeito *espontáneo*; ademais, nunca rexeita a presenza ou o uso do galego en ámbitos que ela asocia co castelán, pero sempre inclúe o inglés, poñendo as dúas linguas cooficiais no mesmo nivel que a estranxeira:

FA: en la carrera nos tienen | comentado de | que nosotros como: | bueno profesionales sanitarios y teniendo en cuenta que hacemos un servicio y queremos llegar | a una población determinada [...] si que debemos intentar adaptarnos a: sus demandas incluyendo las demandas lingüísticas *entonces que habla: gallego pues deberíamos hablar gallego [...] que habla inglés | deberíamos hablar inglés* (risas) luego ya pues bueno | ¡quien pueda! (risas).

Isto podería relacionarse coas actitudes negativas que presentan os seus pais, xeración na que semella terse producido a ruptura da transmisión interxeneracional do galego nesta familia, respecto da presenza da lingua galega na escola en detrimento, segundo eles, do castelán e o inglés.

As actitudes negativas cara á lingua galega que percibe tanto na casa coma no instituto teñen impacto non só nas súas prácticas lingüísticas como profesora, onde decide establecer o castelán como lingua da docencia a consecuencia de ter un alumno procedente doutra comunidade autónoma, senón na maneira de narrar as súas experiencias como alumna na propia facultade, onde refire como conflito o feito de que unha compañeira de León tivese dificultades cun profesor que impartía a súa materia en lingua galega:

FA: recuerdo que una vez *la chica que venía de León se puso un poco tensa porque no entendía a un profesor pero | quedó entre nosotros de jjo ya podía | hablar castellano que no le entiendo!* porque además vocalizaba muy mal (risas) entonces | si aún encima al ser un idioma que no sabes si vocalizas mal pues la pobre se: veía negra pa coger los apuntes pero nunca le dijo nada al profesor.

2.2-. GALEGO LINGUA INICIAL

2.2.1-. Converxentes

Atopamos neste grupo persoas que empregan o termo *bilingüe* para referirse a quen, coma eles, empregan no seu día a día tanto galego coma castelán. Porén, o feito de que o que marque o cambio de lingua sexa o idioma no que os interlocutores se dirixan a eles ou elas, na meirande parte das ocasións, levoume a denominalos non bilingües, como afirman, senón *converxentes*. O cambio de lingua que se describe dáse, na maioría dos casos, de xeito espontáneo, case automático:

FO: coa miña familia materna falo en galego | e con meu pai e coa miña familia paterna falo en castelán [...] entón | era como un *chip* que se iba cambiando.

AN: teño falado con miña nai de || porque falo castelán se primeiro me falan eles xa en castelán eu xa cambio automaticamente o *chip* e xa lles falo en castelán.

É preciso ter en conta que o *chip* adoita cambiar en contextos non familiares, é dicir, en contextos onde a imaxe propia está en xogo, coma o ámbito laboral, o académico e o público. É necesario recordar aquí ó concepto de *face* ou imaxe pública presentada por Goffman (1956) e desenvolvido por Brown e Levinson (1987), que consideran que toda persoa posúe unha *imaxe positiva*, que responde á necesidade de ser apreciado e unha *negativa*, que responde á vontade de non ser molestado. Neste caso os informantes mudan de lingua para protexer a súa imaxe positiva e ser aceptados ou apreciados en

espazos públicos onde a lingua non marcada, a que mellor protexe esta *face* é o castelán. Así, as razóns aducidas para este cambio poden ser varias e van dende considerar a converxencia nun único idioma como o desexable nunha conversa á educación ou á cortesía, como se ve máis adiante, cedendo sempre á outra persoa o poder de marcar a lingua da interacción.

A lingua familiar de todas as persoas que incluímos neste apartado é o galego, que teñen como L1, agás FO, que podería definirse como o único verdadeiramente *bilingüe* no senso de que ambas as dúas son as súas linguas iniciais e familiares, unha por parte de pai e outra por parte de nai:

FO: e: ós cinco anos pois foi | a: idade coa que meus pais se separaron [...] con miña familia materna falo en galego | e con meu pai e coa miña familia paterna falo en castelán.

Os cambios de residencia son un factor a ter en conta á hora de analizar as prácticas lingüísticas e as mudanzas que se puideron producir. Das persoas entrevistadas, as únicas que presentan cambios de residencia a longo prazo son FO, MAR e AN; nestes dous últimos casos ó iniciar os estudos superiores e nunha mesma dirección: de ambiente vilego cara á unha cidade. FO, por outra banda, pasou o seu primeiro ano de vida na Coruña, de onde seus pais o levaron a Betanzos, vila na que estivo ata os cinco anos; a separación da parella marca unha nova etapa para el, no concello de Irixoa, de onde volve a Betanzos aos doce anos, cando nota un grande contraste entre as linguas dun lugar a outro:

FO: cando eu iba ó colexio: en: Irixoa | falaba galego cando cheguei a Betanzos | todo o mundo falaba castelán: e ó principio o primeiro ano empecei a falar galego: o sea seguía falando o meu galego | pero: | pff | é moi complicado manter un idioma: nun ambiente que: ou nun contorno nun contexto que non se fala sabes?

É cando atopa compañeiros coas mesmas prácticas lingüísticas ca el (galego como lingua habitual no ámbito familiar pero

castelán noutros contextos) que deciden, de maneira conxunta e reflexionada, falar galego tamén fóra da casa:

FO: o sea aquí vivía con miña nai [...] e falaba en galego [...] pero saía da casa e: dependía con quen: [...] o sea ó mellor | pois | con A<nome de rapaz> por exemplo | pois | pasaron o sea en primeiro da ESO eu falaba galego | en segundo falaba castelán | e en terceiro | dixemos que coño estamos facendo se na casa sabes? falamos este tema e dixemos se na casa falamos galego: [...] e | nos entendemos nos van a entender fóra | por que no? | había compañeiros cos que falaba galego tamén [...] compañeiros: | G<nome de rapaz>| bueno ti coñeceslos pois falaban galego e: | e eu contestáballes faláballes en galego por- que joder me sentía moito máis cómodo.

LID: G<nome de rapaz> de feito creo que era un dos poucos que si que falaba galego sempre | pero bueno G<nome de rapaz> tamén el non sei se naceu aquí | pero eu creo que el ten familia en Teixeira e el pasaba bastante: | entonces ó fin é ó cabo os que estábamos aquí e falábamos galego | éramos de fóra!

FO: éramos os de fóra | si | os de Betanzos normalmente falan | falan castelán.

Semella entón, que o tipo de hábitat mantén unha estreita relación coas prácticas lingüísticas, sendo máis frecuente o emprego do galego naquelas persoas que proceden, ben eles/as ben as familias, de vilas pequenas ou hábitats rurais. E máis que co tipo de hábitat, a relación dáse coas *redes sociais* que alí se crean. O concepto de rede social, de grande aplicación para o estudo da variación lingüística, foi presentado por Milroy en 1980 para definir o conxunto de relacións interpersoais dos individuos, así como as súas consecuencias sociais, aspecto que o propio AN fai explícito cando fala da súa lingua inicial:

AN: en general no meu pueblo fálase gallego [...] entonces á hora de || xa aprender a falar xa a min xa me ensinaron a falar en gallego siempre.

O resto das persoas entrevistadas, agás SA e ALO, que ata que comezaron os estudos superiores sempre viviron na mesma vila na que se atopaba o centro educativo, presentan migracións diarias asociadas á educación, pois todos viven en zonas rurais ou vilas pequenas. A constante que se observa nestes casos é que conforme aumenta o nivel educativo, máis grande é a vila ou a poboación na que se atopa o centro; tamén é maior a presenza do castelán, como ben notan as informantes:

SA: na escola e: ó principio iba: a unha unitaria | e tamén falaban galego despois ó mellor [...] ó mellor ó ir a un colexio máis grande pois fálanche máis castelán pero: sempre falamos en galego | normalmente a maioría eran galegofalantes tamén.

E outro sinala como o feito de falar en galego nun instituto dunha cidade o identificaba como procedente dunha vila:

AN: ti chegabas alí o primeiro día | aquí en Santiago me refero e lle falabas a un profesor galego || como: que decías non decirte non eres de Santiago ¿non? non son de tal pobo de tal pueblo e tal | e decíache el non xa me parecía polo falar en galego.

Todas as persoas entrevistadas asistiron a centros educativos de titularidade pública e cando se lles pregunta polas actitudes lingüísticas que percibiron, sinalan, como se ve tamén no grupo dos castelanfalantes, que os profesores e profesoras non adoitaban respectar o establecido pola lexislación en canto ás linguas nas que se debían impartir as materias, especialmente na educación secundaria, e sempre na mesma dirección: impartir as materias de galego en castelán.

SA: [...] na: secundaria si que cada: mestre facía: | cada profesora facía o que quería | é dicir | si ela era castelanfalante e o libro estaba en galego | a clase iba dar en castelán entonces despois tampouco se cumpría: | o porcentaxe que estaba: sabes? administrado a cada: | a cada asignatura.

A este respecto resulta especialmente significativa a seguinte cita de AN, que explica como un profesor chegado da Coruña (castelanfalante) decide darlles as clases en castelán, aínda que a lei establecese que debían darse en galego, para que se afixesen a falar en español:

AN: non conflito non pero eu acórdome de que un chegara e era de Coruña o profesor || el a súa lingua era castelanfalante [...] e el como vía que todos falábamos galego e tal el decidiu falarnos castelán para así tamén que entrásemos máis en contacto co castelán porque: o castelán falábamolo bueno || ben pero así tamén podíamos falar con el con máis soltura para que nos fósemos acostumbrando.

No propio contexto educativo ten tamén unha grande importancia no que respecta ás prácticas lingüísticas o grupo de iguais; é significativo que, na meirande parte das entrevistas, sempre que se pregunta polas actitudes lingüísticas, se sinalen as negativas cara ó galego, xa que quen emprega a súa variedade dialectal *pechada* é obxecto de mofa ou este idioma debe deixar de ser a lingua habitual dunha clase trala chegada de alguén estranxeiro:

SA: e: sei dun caso que: era un rapaz de Muros | chegou a Bertamiráns e en Muros teñen así o idioma bueno | a súa lingua | era unha variedade dialectal que é máis pechada non? [...] comentaba o rapaz comentaba que cando el iba: | que cando empezara en secundaria que: | si que notara que a xente como que se ría del e tal por ter esa variedade.

AN: houbo chegar a un acordo dunha rapaza que chegara de Uruguay || entonces si que: con ela había que falar castellano e: na clase a veces para que ela en principio entendese.

Só se narran actitudes positivas cara ó galego na entrevista de AN, que interpreta a converxencia dos seus amigos como un esforzo e unha mostra de respecto. Porén, é preciso lembrar que para este entrevistado, o feito de el falarlle castelán á xente que lle fala en castelán parécelle algo que ten que ver coa boa educación

mentres que contestar en galego se lle falan en castelán é ser esixente ou *tiquismiquis*:

AN: Si aquí en Santiago algúns fálolles castelán pero || poucos | contados cunha man cos dedos dunha man | pero maioritariamente galego sempre.

ANI: Y en que lingua responden eles [...].

AN: Si pois || (non sei digo eu) si salvo un ou dous que a veces non sempre tamén [...] si que intentan responderme sempre que *fago unha pregunta en galego intentan responderme tamén en galego* (ANI: *y que tal o ves*) non sei | *eu igual o vexo como unha maneira de respecto de que valoran que fales galego ou non sei é un esforzo que fan* | por ti.

AN: Pois eu neso || son moi flexible e si || *o mellor eu podo explicarlle un xogo en galego* || *pero despois eles me preguntan en castelán pois* || *respóndolle en castelán* || *neso si eu non me poño exigente ou tiquismiquis* non sei || pero || eso | se me falan en un idioma procuro non sei se por respecto ou me educaron así por educación responderlle no mesmo idioma se podo.

Como última fase da educación está a universidade, onde todos coinciden que a lingua predominante é o castelán, algo especialmente acusado por FO, estudante da Universidade da Coruña, que pese a ter vontade de empregar o galego como lingua habitual, declara non atopar máis que atrancos, aínda que esta sexa realmente a lingua oficial da institución:

FO: pff | agora: | é que: | foi outro cambio por exemplo entrar na universidade: [...] e: falaba galego pero é que: | e había moita xente que falaba galego ó principio o primeiro ano | pero: [...] como é na Coruña sabes? | é como que se contagia o castelán [...] é como: | mui raro todo | é como: | a universidade tal | por exemplo os traballos fágoos moito en castelán sabes? ou case todos fixen dous traballos en galego | e gustaríame facer máis pero: | hai tan pouca información en galego: | ou: a información que nos chega é tanta en castelán que: | que é | mui difícil | sabes? o sea | xa teño pouco tempo | polo do traballo: tal non sei que | que aínda encima poñerte a traducir todo | e que vaia ben!

porque despois | aínda encima lle entregas un traballo a un profesor en castelán | e sin querer che vai a unha palabra en galego | que non a puxeches ti en galego senón que: | escribíchela mal | e xusto por exemplo | me criticou a profesora un non [...] que puxen non con n ó final [...] e despois que os escribes en galego: e que: hai profesores que non son: | galegos | e que non cho van entender | e que che piden: cho piden en castelán.

Porén, non é só no nivel dos profesores ou dos materiais onde as persoas entrevistadas notan unha maior presenza do castelán na universidade, senón que hai quen tamén o asocia á confluencia de xente provinte doutras áreas xeográficas de Galicia, o que intensifica a ligazón do idioma coa xeografía que antes apuntamos.

A entrada no mundo laboral non supuxo cambios nas prácticas lingüísticas neste grupo de persoas entrevistadas, cuxas prácticas seguen a ser mixtas. O interesante aquí entón é ver cales son as dinámicas de uso dunha e doutra lingua no ámbito laboral. Así, vemos que ALO, no seu traballo como camareiro durante o verán ten como lingua habitual o castelán, tanto cos clientes coma cos seus compañeiros e superiores. O seu comportamento axústase ó declarado por el na entrevista sobre o emprego do galego no ámbito familiar e castelán fóra del. Porén, é preciso reparar na resposta que dá cando se lle pregunta por posibles políticas lingüísticas no centro de traballo:

ALO: nunca me mandaron | escoller lingua | eles falan en castelán e bueno eu | *por non levárle-la contraria* (risa).

As prácticas lingüísticas das tres persoas entrevistadas que traballan como monitor e monitoras de tempo libre son semellantes: cando explican unha actividade ou un xogo adoitan facelo en galego, lingua inicial e habitual no seo familiar, mais cando interactúan cos rapaces e rapazas que están ao seu cargo ou cos proxenitores, fano en función da lingua que lle falen:

BE: cando estou traballando cos nenos ou: me falan en castellano igual hai veces que tamén lle falo castellano [...] de estar [...] distendidos en plan BE: quiero un folio en plan toma!

coge! | pero sáleme pero non frases de decir vouche explicar unha actividade en castelán no eso si que xa si que me sale en galego (risas) | porque non me sale en castellano.

ANI: utilizas a lingua que falas habitualmente para falar [...] cos pais e nais e os cuidadores?

SA: si normalmente sempre me dirixo en galego | a non ser que me digan ó mellor algo | ou eso que: que sexan castelanfalantes.

As razóns destas prácticas lingüísticas poden atoparse nas propias entrevistas: por unha banda, o galego é a lingua na que calquera dos tres afirma sentirse máis cómodo, por ser tamén a súa lingua inicial; por outra, calquera deles traballa en programas de conciliación familiar dependentes en última instancia de administracións municipais que fan explícita a súa vontade de que estes programas promovan a lingua galega. Así, cando AN, SA e BE explican unha actividade ou xogo están *actuando* como monitores que teñen instrucións de empregar o galego; pola contra, cando interactúan con nenos/as ou proxenitores a súa identidade como monitores pasa a un segundo plano, polo que a dinámica lingüística de adaptarse á lingua do interlocutor/a que el e elas describen na súa vida diaria se reactiva.

Algo semellante ocorre con MAR, que na oficina técnica na que traballa emprega, nas interaccións orais, galego ou castelán segundo a lingua na que lle falen. A alternancia entre as dúas linguas redúcese cando as interaccións son escritas, vía correo electrónico, situación na que só emprega o galego cando mantén unha conversación con alguén, é dicir, cando non se trata dunha comunicación oficial ou externa á empresa. Na súa narración sobre o mundo laboral MAR relata como na empresa na que traballa, aínda que hai tanto galegofalantes como castelanfalantes, cada unha destas linguas ten un maior peso en determinados espazos o que, dun xeito máis restrinxido, relaciona de novo as linguas coa *xeografía* ou, máis ben, cunha xerarquía social onde o galego se asocia a traballos manuais (normalmente desenvolvidos por persoas cunha menor formación académica) e o castelán se reserva ós espazos de máis prestixio (oficinas, despachos), onde traballan as persoas cunha maior formación académica:

MAR: tamos separados | en oficina e taller | e si que noto por exemplo [...] como que o gallego no taller é máis: | ah! entro no taller e falo en gallego e na oficina ó mellor entra alguien na oficina e fálache castellano.

Por último temos a FO, un dos que conta cunha maior experiencia laboral ao ter levado a cabo tres traballos diferentes: xardineiro, camareiro e instrutor de pilates. O segundo dos traballos é sobre o que temos menos información respecto das súas prácticas lingüísticas, pois só conta que tiña compañeiros tanto galegofalantes como castelanfalantes. O contraste atopámolo entre a primeira experiencia laboral e a actual. Cando traballou como xardineiro non tiña compañeiros, co cal só interactuaba co xefe, un home de máis de sesenta anos galegofalante. Pola contra, na clínica na que traballaba no momento de ser entrevistado empregaba a lingua castelá tanto coa súa superior coma con clientes e, ademais, considera necesario consultar cos usuarios se prefiren que cambie ó castelán se, por ter tido unha interacción previa con galegofalantes, comeza a sesión en galego:

FO: eu coa miña jefa falo en castelán porque a coñecín falando en castelán | falamos en castelán todo o rato entonces | xa teño: | ese chip de falar en castelán | pero: | non sei | eu falo galego (risas) [...] eu como persona son é galego | despois no traballo o que máis falo é castelán [...] pois hai a veces que: estou con algunha usuaria que me fala en galego [...] e sigo bueno | estou falando en galego: si queredes que cambie me da igual tal.

Semella entón que máis que prácticas *bilingües* no ámbito de traballo o que temos son prácticas *diglósicas*, pois agás nos programas de conciliación para os que traballan AN, BE e SA, onde o galego é esixido polo concello contratante, a lingua empregada con superiores ou en comunicacións oficiais é o castelán. Non quere dicir isto que o galego estea excluído do ámbito laboral, senón que se emprega nun ambiente máis informal (cos compañeiros, por exemplo), cando a imaxe profesional non está en xogo, o que se ve reforzado, por unha banda, polo feito de que, aínda que moitos consideren ambas linguas como súas (independentemente de que

recoñezan sentirse máis cómodos en galego) os currículos que envían os envíen en castelán e en inglés, como sucede no caso de MAR e FO; e por outra, por, como acabamos de ver na cita, consultar se os usuarios/as están de acordo con que se empregue o galego como lingua de traballo.

Ao fío disto trátanse agora as prácticas lingüísticas que refiren as persoas participantes cando hai presente alguén de orixe non galega, o que nos permite comezar coas actitudes lingüísticas, último aspecto a analizar dentro deste grupo de entrevistados e entrevistadas.

Como ben se dixo, a meirande parte dos e das informantes teñen como lingua inicial o galego, que, en determinados contextos, como xa vimos, é a súa lingua habitual. Mais, como inflúe nas prácticas lingüísticas dos e das entrevistadas a presenza dunha persoa de orixe non galega? No ámbito da educación, a presenza de persoas estranxeiras semella condicionar a lingua da docencia, deixando como única opción o castelán:

FO: un compañeiro que é de: Europa do este [...] e entón a ver | el entende eu fállolle en galego e enténdeme pero: cóstalle máis sabes? | prefíre: [...] que as clases sean en castelán que os apuntes sean en castelán | os profesores preguntan iso e din bueno pois vou explicar en castel voy explicar en castellano | pero bueno xa viñan con esa intención (risa).

Neste caso a persoa estranxeira fai explícito o seu desexo de recibir materiais e clases en castelán, pero como indica FO, os docentes empregan a situación como unha escusa para empregar o castelán. Este fragmento amosa non só a percepción de FO da realidade sociolingüística senón tamén as ideoloxías doutros e, de xeito indirecto, a súa propia. Así, AN e SA consideran que, respectivamente, un senegalés e un rapaz de familia árabe os van comprender mellor en castelán que en galego, aínda sen ter coñecementos de lingua española:

AN: en Pontevedra sobre todo as actividades as explicaba en castelán porque había algún | había un neno que era adoptado que era de: Senegal creo e ese si que o galego pouco.

SA: aquí hai un neno | que cos seus pais bueno é árabe e con seus pais fala: en inglés | en árabe eu penso | entón | eu penso que o galego aínda lle vai costar máis | pero: entón tendo a decírllo en castelán.

Establecer aquí cal é a razón exacta que leva a AN e a SA a comportarse lingüísticamente deste xeito sería elucubrar, pois, ademais, de que non se afondou máis nas entrevistas sobre este tema en concreto, estas dúas non foron realizadas por min. Pódese profundar, pola contra, nas razóns que estas dúas persoas amosan para a converxencia lingüística en castelán, as de AN xa referidas *apud*:

SA: é complicado que unha persoa esté falando en galego e outra en castelán a min me parece un pouco: | estraño (risas) | pero bueno non quere decir que non se entendan.

Converxer na lingua do interlocutor semella entón unha cuestión de educación, de flexibilidade, unha maneira de facer a conversa máis normal, pero é preciso apuntar que isto ocorre sempre que se fala de converxer do galego cara ó castelán, o que delata a xerarquía social das linguas que se asume, na cal o castelán é a lingua socialmente aceptada e por iso empregada para falar con estranxeiros. Así, AN interpreta a converxencia voluntaria do castelán cara ó galego como un esforzo, termo que nin el nin o resto de entrevistados e entrevistadas empregan cando narran as súas converxencias cara ó castelán:

AN: Si que intentan responderme sempre que fago unha pregunta en galego intentan responderme tamén en galego non sei | eu igual o vexo como *unha maneira de respeto* de que valoran que fales galego ou non sei é un *esfuerzo* que fan | por ti.

O feito de que esta converxencia se interprete como un esforzo tamén é indicativo de que demandar a converxencia do castelán cara ó galego (como algúns informantes relatan peticións de converxencia do galego cara ó castelán) non sería unha situación socialmente aceptable. Así mesmo, a pouca relevancia que lle outorgan as persoas entrevistadas á converxencia galego-castelán sinala unha

vontade de evitar potenciais conflitos, é dicir, de protexer a imaxe positiva, mediante a renuncia á lingua propia.

Como xa dixemos antes AN e SA, así como BE, traballan en programas municipais de conciliación familiar que promoven o galego; as actitudes cara ás políticas lingüísticas pro-galego son diversas, pois mentres AN e SA consideran que é algo bo e incluso necesario para evitar a perda da lingua, BE considera que a presenza do galego no seu traballo actual é excesiva:

BE: si: xa che mandan falar galego | si xa che mandan falar galego cos compañeiros che mandan fala:r galego co:s nenos e no programa está todo en galego | e desde o concello che esixen o galego: | non lle vas a poder falar castelán ós nenos *entonces ti ó mellor desenvólveste mellor en castelán | e | o sea veste forzado* no:n e ó mellor hai nenos que falan en castelá:n | e eu porque son galegofalante pero había xente que estaba facendo moitísimo esforzo en falar galego ó mellor teríaste que adaptar un pouco ós nenos en plan non cen por ce:n todo estricto en galego e dicir entonces ó mellor o cincuenta por cento: en cada lingua.

BE percibe o feito de que o seu traballo deba desenvolverse totalmente en galego como un problema para as persoas castelanfalantes que non estean afeitas a empregar a outra lingua cooficial; a situación contraria, o emprego recomendado do castelán, non chega nin a mencionarse. A este respecto resulta interesante coñecer as opinións do resto de persoas entrevistadas sobre a lexislación en materia lingüística ou o apoio institucional ó galego:

FO: regulado en tanto a que: | esté permitido falar calquera lingua? si pero que teñas que falar esta lingua: neste tempo: | con este: || e que eso xa: [...] *o sea hai que ser un pouco: | permisivos coa xente senón: estás cerrando moito [...] o emprego sabes? xa hai paro para que máis para cerrar aínda máis [...] a oportunidade de: conseguir un traballo.*

ALO: [...] non por lei non | o sea ten que ser así: espontaneamente non que esté regulado porque senó:n | pareceríame unha tontería [...] ninguén debe: | decidir se: debes falar o sea se tes no traballo esta lingua ou tes esta outra sabes? ten que: salir de ti non debe esta:r rexido por unhas normas.

Vemos entón que as actitudes das persoas que teñen o galego como lingua inicial non teñen por que ser precisamente positivas, xa que esixir o coñecemento da lingua galega, que ten o status de cooficial, se interpreta como unha maneira de restrinxir o acceso ao mercado laboral. Aínda así, máis estraño resulta o motivo que, para AN, explica que se reducise a porcentaxe de materias que debían impartirse en lingua galega:

AN: No meu colexio si de feito antes eran menos incluso en castelán (hum) pero como viron que a xente non no rural non falaba || moito castelán pois creo que cambiaran aí uns porcentaxes nas asignaturas.

O discurso da igualdade das linguas aparece de fondo en case todas as entrevistas, máis é un discurso que, polas prácticas lingüísticas que declaran os e as entrevistadas, se asumiu de maneira superficial. Así, defenden a igualdade das linguas pero consideran que esixir o coñecemento da galega en Galicia é unha restrición á par que obvian a obrigatoriedade, constitucional, de coñecer a española. De igual maneira, a converxencia do castelán cara ó galego percíbese como un esforzo, algo *chocante*³, ó tempo que a do galego cara ó castelán é un asunto de educación, discurso que ALO sintentiza á perfección:

ALO: hai que: | pois saber dominar as dúas linguas e | utilízalas en diferentes casos según che: falen.

O problema é que este discurso, e a xerarquía lingüística que del se desprende, onde o castelán é a lingua por defecto, está tan interiorizado que os cambios de lingua, ou de *chip*, acaban por automatizarse, delatando a non-reflexión sobre as razóns que levan á converxencia, percibida como costume e como normal, aínda cando a comprensión está asegurada, o que non fai máis que limitar os espazos de uso do galego.

3 BE: e era moi curioso porque tiña un amigo que era de Pontedeume e que el sempre falara castelán pero chegou aquí e como vía que a maioría de nós falábamos en galego e: con nós falaba galego [...] era o: caso así: máis chocante.

2.2.2-. Mantedores

Os e as informantes deste grupo presentan usos lingüísticos onde o galego é a lingua predominante, con moito, sobre o castelán, aínda que hai algunhas excepcións.

A lingua familiar de todas as persoas entrevistadas é o galego, aínda que a través das súas narrativas, algunhas sinalan como os proxenitores intentaron introducir o castelán nas súas dinámicas:

AL: eu recordo algo meu pai cando: cando era máis pequeno pero acórdome perfectamente | sempre me tiraba un pouquiño do castelán el falando galego sempre sempre era: | pois non sei | falarlle en castelán ós nenos para ver: non sei para que salira máis fino (risa) non sei por que! eu nunca nunca lle respondín en castelán era incapaz.

NU: aprendín a falar en castellano | na: | na escola supoño [...] que empezaría aí: a falar en castellano e daquela ela | cambiou ó castellano [...] pero despois xa: | as dúas volvimos cambiar ó ghallego (risa).

Porén, o caso que máis chama a atención é o de PA, a menor con vinte anos de diferenza de catro irmáns, que foron criados en castelán por pais galegofalantes. O cambio de conduta lingüística atribúeo ela ás diferentes circunstancias socio-políticas do momento no que foron escolarizados seus irmáns (os comezos da época democrática e o forte estigma do galego) a aquelas do momento no que naceu ela, dúas décadas despois.

En canto ás migracións que presentan os entrevistados e as entrevistadas, os únicos que presentan migracións prolongadas no tempo son NU e DA, que, ao comezar os estudos superiores, marcharon ás cidades de A Coruña e Santiago de Compostela para estudar Deseño Gráfico e Física. O feito de viviren ambos os dous en aldeas fixo que xa dende nenos se tiveran que desprazar a vilas próximas (Betanzos no caso de NU e Carral e Culleredo no de DA) para acudir ós centros educativos. Estes desprazamentos diarios non provocan cambios nas súas prácticas lingüísticas, mais DA relaciona unha maior presenza do castelán en Carral e Culleredo coa proximidade de ambos núcleos á Coruña:

DA: *Carral está como: na contorna da Coruña está aí: como: un término medio entre o urbano e o rural [...] e: | e si | o sea: | como que a mitá da xente pois si falábamos galego a outra mitá castelán ou algo así [...] despois cando fun a Culleredo pois: | si que alí: | a proximidade supoño que á Coruña non sei o que é alí a xente | maioritariamente falaba castelán.*

O resto das persoas entrevistadas, que se atopaban ben rematando os estudos de grao ben xa traballando, seguen a residir, con seus pais, nos mesmos lugares nos que naceron e se criaron. Como se trata de ambientes rurais ou vilegos, os desprazamentos diarios para ir á escola ou ó instituto son unha constante que comeza tarde ou cedo. Así, no caso de CR e AL, os desprazamentos comezaron a finais da primaria ou co inicio da ESO, mais eran desprazamentos que non implicaban demasiada distancia e que se facían dentro do mesmo concello. Porén, no caso de AL (que vive nunha aldea pero acode ó instituto a Santiago de Compostela) o impacto destes desprazamentos é maior nas súas prácticas lingüísticas que no caso de CR (que se despraza dunha aldea a unha vila):

AL: no instituto cando cheguei á secundaria en primeiro da ESO creo que foi o único momento da miña vida | no que falei constantemente castelán desde que entrei pola porta si porque non: | perdín o contacto cos meus anteriores compañeiros fun eu solo a outro instituto.

Algo semellante lle ocorre a MA, que comeza a desprazarse a Santiago por mor de actividades extraescolares antes de cursar o bacharelato no instituto do barrio compostelán de Fontiñas, onde non percibe cambios significativos no ambiente lingüístico máis próximo (a aula), o que atribúe ó feito de que os seus compañeiros e compañeiras tivesen, coma el, orixe vilega ou rural:

MA: en Boqueixón non hai baloncesto | entonces miña nai | e: tróuxome aquí a Santiago [...] eu estiven xogando no Rosalía | dende toda a ESO todo o bachiller [...] e: || e: e aí si que se falaba eu falaba todo castelán [...] sentíame máis cómodo en castelán con eles.

As persoas que máis tardan en iniciar os desprazamentos diarios por motivos académicos ou de formación son CA e PA, que dende as súas respectivas vilas, comezan a ir a Santiago de Compostela para, a primeira, estudar Perruquería e Estética en academias privadas e, a segunda, Filoloxía Galega.

Sobre a presenza das linguas nos centros educativos, o que narran os e as informantes que aquí se denominan galegofalantes coincide co declarado polo resto de persoas entrevistadas: segundo o tipo de hábitat o galego está máis ou menos presente entre o alumnado pero, a medida que aumentan os niveis educativos a presenza desta lingua é menor, especialmente entre o profesorado, que incluso imparte aulas en castelán cando a lexislación establece que debería facelo en galego. Esta menor presenza é especialmente visible na transición da educación primaria á educación secundaria, que adoita levar asociado o desprazamento a unha vila; de feito AL identifica este como o momento no que entra en contacto co castelán. Así mesmo, resulta interesante ver como o incremento de profesores e profesoras castelanfalantes (ou que imparten as súas clases en castelán), se asocia coa procedencia non vilega dos e das docentes:

OSC: i a lingua me dis que a maioría que falaban en castelán? igual na infancia?

PA: [...] os profesores si | pero é que é eso é que a maioría dos profesores non eran de alí [...] viñan moito de Santiago *entonces*.

Como tamén ocurría nos grupos de *Castelán como Lingua Inicial e Converxentes*, hai galegofalantes que refiren actitudes aberrantemente negativas contra o galego por parte do profesorado:

PA: e eu recordo que: que había veces que che machacaban moito con eso | <imitando> dise agua: non se di aghua | en todo caso auga | pero estaban sempre dise galiña non ghaliña sempre: | ca gheada si que: | si que nos controlaban moito.

CR: o galego como que o apartaban así: [...] para que faláramos entre nós pero bueno que: | que bueno | como que apartaban un pouco [...] algunha vez algún compañeiro ten preguntado por que daban a clase en castelán estando o libro en galego | e: | e a resposta era porque el falaba esa: lingua e que a ver | que co: galego tampouco non era necesario.

Mais este tipo de actitudes negativas non proveñen só do corpo docente senón que se observan tamén no propio alumnado:

AL: eu viña co chip de falar en galego porque: eu sempre falaba galego | e estaba tamén un rapaz [...] eu faleille en galego e díxome | que haces hablando gallego? no deas asco!

A transición da primaria á secundaria non foi especialmente fácil para AL que foi escolarizado nun centro distinto dos seus amigos, algúns dos cales sufriron cambios máis acusados que os de AL nos seus usos lingüísticos, xa que empregaban o castelán na aldea cando levaban aos amigos da cidade, o que os volvía obxecto de mofa por parte dos que non mudaran a lingua, entre eles o propio entrevistado:

AL: veciños tamén dalí da Peregrina da aldea [...] e eles si que | aínda a día de hoxe cos seus compañeiros falan en castelán e díxenlle un día por que lle falaban castelán? pero se vos falades ghallegho comigho toda a vida | que facedes facendo no:? | e díxéronme home é que vamos a ver que vamos selos raros da clase? [...] unha está bueno estaba na Compañía de María e outro estaba no Rosalía entonces eles dous pois si que xa se: cambiaron moitísimo incluso viñan os seus amigos | cando viñan os seus amigos á aldea [...] pois eran primeiro os seus amigos e nós *ríamonos deles decíamos deben de estar tomando no té! (risas) quiere más té señor? (risas) ríamonos deles.*

Neste fragmento cobra especial relevancia o concepto de *rede social* xa referenciado de Milroy (1980) e en especial a xerarquía das redes: AL e os amigos da aldea perciben que a súa rede densa e próxima por ser a do lugar onde viven e se criaron (onde máis tempo pasan e, por tanto, onde máis poden necesitar a axuda uns

dos outros), e na que a lingua é un elemento de cohesión de gran poder, se ve relegada a un segundo plano en favor das novas redes sociais creadas nun contexto distinto (onde se pasa menos tempo) e nas que a lingua é diferente. Ademais, a lingua desas novas redes (o castelán) ten connotacións negativas para eles (un maior status social, urbano, de aí a mención ó té) por se contraponer á súa identidade colectiva, en esencia rural e de clase traballadora, razón pola cal sancionan ó *traidor* mediante a mofa. Mais non se trata tampouco dunha mofa inocente, pois “¿Quiere más té, señor?” é o que un criado lle preguntaría ó seu señor, co cal, para os burladores, falar castelán equivale a ser submisos ou servís cos novos amigos urbanos castelanfalantes, revelando a xerarquía social asociada ás linguas.

A razón do cambio é, como se pode intuír cando MA narra por que falaba en castelán cando comezou a ir xogar ao baloncesto a Santiago, integrarse nun novo grupo, para o cal a lingua é un aspecto que pode resultar crucial e de vital importancia respecto da imaxe. Así conta PA que os amigos do seu mozo, de Pontevedra cidade, a relacionan coa *Galicia profunda* por falar en galego:

PA: resúltame máis complicado no seu núcleo de amizades [...] por exemplo | porque (baixando a voz) son de Pontevedra todos! (risas) ciudad! sabes? e é como la Galicia profunda me llaman! (risas) [...] eu ó principio falaba castelán | pero como: eso método de inclusión.

Dentro do grupo de iguais resulta de especial importancia a lingua que empregan as parellas, pois este é un dos factores que determina a transmisión interxeracional do idioma ou a súa ruptura. Neste sentido temos as narrativas de PA e de NU, xa que ambas manteñen relacións estables con mozos castelanfalantes que, co paso do tempo, presentan un incremento da presenza do galego nos seus usos lingüísticos:

PA: el claro no meu núcleo familiar como nós falamos todos galego el é o que se sinte extraño fóra o sea: fóra [OSC: el fala sempre castelán?] dentro el na súa familia fala en castelán [...] conmigo non sempre | antes si | e de feito eu antes era a que falaba máis castelán con el | ahora no ahora como: eu estou

na miña casa e na miña casa falamos galego (risa) el síntese
estraño | e quere integrarse sabes? [...] e comigo incluso tamén
| por mensaxe | por whatsapp fálame moitísimas veces en galego
moitísimas.

NU: ó principio el falaba máis castellano [...] cada vez fala
máis gallego.

Volvendo ao ámbito educativo, e antes de pasar ao laboral, a
experiencia das persoas entrevistadas respecto do uso de castelán e
galego na Universidade é que o galego decae drasticamente non só
en favor do castelán, senón, especialmente no ámbito científico, do
inglés. En palabras de DA:

DA: no ámbito científico | como é como un mundo muy glo-
balizado os grupos de investigación están en contacto perma-
nente con: | grupos doutros sitios e tal entón o idioma vehicular
sempre é o inglés | entón [...] nesa posición o desfavorecido son
é o resto non é o galego é todo o resto.

Este entrevistado, ademais de no grupo de investigación
do que actualmente forma parte, traballou nos veráns, cando era
máis novo, recollendo amorodos en invernaoiros locais e tamén
nunha empresa dedicada á colleita e comercialización de algas. Os
empregos do resto dos informantes son, a excepción de CR que leva
como administrativa cinco anos na mesma empresa, temporais ou a
tempo parcial: profesores de clases particulares (PA, MA), profes-
ores de música e baile tradicional galego (MA, AL), camareiros (PA,
MA) e perruqueira / estética (CA). Como vemos, todos os traballos
son de cara ó público, polo que o concepto de imaxe resulta impor-
tante. A este respecto, nas entrevistas preguntáselles se recibiron in-
dicacións explícitas sobre a lingua que deben empregar; a única que
as recibiu foi CA, nunha clínica de estética do centro de Santiago
de Compostela:

CA: a mayoría en gallego menos agora que estou en Santiago |
que: | todos | por decir o noventa por cento fala castellano [...]
e: se me falan castellano pois intento falarlle castellano [...]

porque me obriga a jefa [...] non é que me obligue pero: sabes? si eles me falan por que non lle podon falar eu castelano?

O feito de empregar o castelán con persoas de fóra é unha constante que vemos ó longo de todas as entrevistas, sen importar o idioma do ou da interlocutora e a proximidade deste ao galego. Así, a presenza dunha única rapaza estranxeira condiciona o emprego da lingua galega como vehicular incluso en clases de baile tradicional:

AL: o primeiro cuadrimestre cando empezamos de novo [...] veu o: | o director do espacio de danza e había unha alumna [...] que era italiana | e entónces | dixo el bueno como hay una alumna que es italiana: por respeto hacia ella: vamos a dar las clases | das las clases en castellano | e eu xa sudaba frío (risa) [...] e foi a salvación que dixo a: italiana | no no no! hábleme gallego que quiero aprender gallego.

AL é unha das persoas máis reticentes a cambiar de lingua, seguramente motivado polo incidente do instituto que antes se referiu, o que o leva a recomendar aos seus compañeiros o emprego do galego nas aulas de baile tradicional, incluso cando no grupo hai persoas non galegas:

AL: díxenlle mira ti fai o que che manden | pero se esas rapazas as que son de fóra dan entendido o galego fálalle en galego eu díxenllo.

As actitudes do resto de informantes non son tan firmes respecto do uso do galego, pois por riba do dereito de empregar a lingua propia en Galicia están moitas veces a idea da educación e o respecto, así como o da non-imposición das linguas. As actitudes das persoas entrevistadas respecto do emprego das linguas no ámbito laboral van dende a indiferenza, a adaptación á lingua dos alumnos e alumnas, ata a resposta taxativa de CA, que afirma que en Galicia non ten por que falar outro idioma que o galego. O discurso de CA, de feito, amósase incoherente, pois aínda que contén afirmacións coma esta, ela parece que intenta escusar á xefa:

CA: pero si un caso lle falara gallego tampouco me di nada eh? o sea ela dime jo sabes? si che fala castell bueno castelán intenta falalo pero: | pero non me di en plan jo como non fales sabes? tampouco se enfada.

Este non é o único caso de incoherencias nas narrativas dos entrevistados, pois dentro deste grupo de galegofalantes, o habitual é, tamén no caso de PA, que declara non cambiar de idioma por razóns ideolóxicas, que envíen currículos en castelán, situación compartida por moitas das persoas entrevistadas, aínda que logo as entrevistas adoiten facerse en galego, como afirman CA, CR, PA e NU.

No relativo ó ambiente lingüístico dos traballos, o crecemento da empresa na que traballa CR como administrativo e a incorporación ó cadro de persoal de xente doutras partes de Galicia alteran os usos lingüísticos dos e das traballadoras máis veteranas:

CR: a ver | cando eu empecei a traballar eramos menos na empresa | eramos máis xente toda centrada: | xente de por aquí de Ordes | co cal | falábamos galego | ou: pff senón era o: cen por cen era o noventa e pico | agora claro a empresa creceu moito | e: hai moita máis xente que fale castelán.

Isto, unido ó feito de que o seu labor consiste con contactar con provedores e clientes de fóra de Galicia, fai que ela se vexa obrigada a falar en castelán, que adoita manter despois como lingua na oficina:

CR: cando: falas pos | eu que sei con xente que está en Madrid: d noutros sitios || veste obrigado a falar castelán | non lle vas falar galego.

LID: claro pero por exemplo alí dentro da: | dentro da oficina | tamén falas e:n castelán?

CR: a veces salche de maneira mecánica porque: estás falando por teléfono a mayor parte do tempo entón estás falando en castelán e no momento que che falan alí en castelán pois tamén che sale xa.

No caso de PA, o emprego do castelán vólvese necesario ao atender a turistas doutros lugares do Estado español; así mesmo, falar en lingua galega con turistas procedentes de cidades galegas pona en situacións incómodas:

PA: no hotel [...] víñache xente de | do centro da Coruña e de Vigo | pois xente maior | incluso que a min facíame moita gracia incluso me cabreaba non? | que ti falábaslle galego e como a señora falaba castelán pois decíache que non che entendía ou como? preguntábache | cómo? perdona niña | e decías ti a ver! | señora | sabes? | neses casos si que me: | ás veces quedaba eu pensando non? decía:s | joba | que: situación máis incómoda.

Pola contra, DA conta como, no seu grupo de investigación, compañeiros e compañeiras castelanfalantes cambian ao galego cando se dirixen a el:

DA: na facultade no grupo no que estou | aí si que: | ahora son: | inmensa minoría porque: | si que todos falan castelán | ou casi todos | pero a verdá é que me sinto mui cómodo ou mui: porque todos | cam casi todos | bua non todos pero casi todos | cambian para: falar comigo.

A acomodación lingüística ós interlocutores percíbese de maneira distinta por parte das persoas deste grupo. Así, CA opina que as persoas con galego como lingua inicial e habitual que falan castelán cando o seu interlocutor ou interlocutora empregan esta lingua o fan por quedar ben ou por demostrar que tamén coñecen o español:

CA: eu creo que: porque lle falan castellano | fálánlle castellano e entonces pois por quedar ben ou po:r sabes? por que non lle vou falar castellano si el mo fala? pois digo eu que é por eso.

Máis críticos son AL e MA, pois o primeiro cre que a xente que se adapta ós interlocutores castelanfalantes o fai para convencerse de que *non son menos* e o segundo pensa que a adaptación lingüística obedece ao *postureo*:

AL: integrarse: | autoconvencerse tamén [...] de que non son menos que os outros [...] por que | a ver a maioría da xente galegofalante que coñezo é: | porque vén do mundo rural.⁴

MA: desa xente que fala castelán | un: | sesenta setenta por cen | fálao por: | por ser bien queda digamos | por influencia da xente que ten ó redor [...] e: | non sei por *postureo* digamos o sea porque podería seguramente perfectamente falar galego | e: | e a maioría dese sesenta setenta por cen seguro que: | que: | é idioma no que o criaron vamos.

Porén, interpreta a converxencia dos castelanfalantes cara ó galego como unha forma de achegamento:

MA: no | eu creo que de feito | moita da xente moita da xente que: | ó mellor vas | a unha tienda | e che falan castelán | de primeiras [...] pero despois cambian ó galego | para: digamos empatizar máis contigo [...] eu creo que eso é positivo non? en plan dálle | dáche unha confianza: outra confianza non?

Esta visión coincide coa de DA, que interpreta a converxencia dos seus interlocutores castelanfalantes ao galego como un *piropo*, e cre que a razón de que estes empreguen a lingua galega obedece a un proceso de concienciación:

DA: pois eu creo: porque están concienciados da importancia da lingua [...] e que o teño falado | e que toma a consciencia de que: | de que bueno eu son castelanfalante polas circunstancias e tal e ó mellor non teño | a capacidade de dar ese cambio e: pasar a falar galego en tódolos ámbitos da miña vida | pero si que cando podo | intento facer ese esforzo de: de cambiar.

4 A identificación da procedencia urbana ou rural das persoas, que para algúns entrevistados marca a lingua das persoas, cun determinado status social é algo que tamén atopamos na entrevista de PA:

PA: [...] escoitas un pouco de todo escoitas hasta o castelán máis | refinado | co: galego que temos nós de: aldea de: rural de toda a vida da: vila que é o que hai alí [...] (1.647-1.649).

É precisamente a toma de conciencia a través dun proceso de reflexión o que motiva que moitas das persoas entrevistadas deste grupo decidan manter o galego como lingua habitual en calquera ámbito da súa vida, como vimos antes respecto de PA, ou como se amosa agora nos casos de AL, que decide manter o galego como resposta a un ataque á súa identidade, e de MA, que considera que o galego é parte da súa imaxe:

AL: eu faleille en galego e díxome | que haces hablando gallego? no deas asco! non sei que [...] e doeume tanto tanto tanto que dixen pois haste de joder ben! desde aquela xúrocho desde aquela non volvíñ a falar en: en castelán no instituto [...] desde aquela e xa solo xa por convicción ó principio era | bueno que tiña medo e intentaba falar en castelán a algúns e tal pero doeume tanto que dixen eu non vou na miña vida eu non me averghonzo de donde son.

MA: eu falo galego o sea esto é o que hai | non: | e de feito miña: miña nai | cando estuven en Peleteiro | todo o mundo me decía non che dixeron nada polos pendientes? porque [...] todo porque: todo o mundo me decía bu! non sei que tal | e: díxenlle eu: | os pendien | é como: non é como o galego (risas) os pendientes pero é parte son parte de min e son parte da miña imaxe non?

Aínda que DA non narra propiamente as razóns polas que se mantén en galego, obsérvase que é un tema sobre o que cavilou e sobre o que fala cos seus achegados:

DA: cambias pa falar cun profesor pero a ti vénche: un tipiño pola calle: e fálache castelán non cambias | cambias pois co profesor co médico o típico | e: | e eu creo que [...] eles non ven que sexa necesario | pero é como unha herencia do que había antes e do que eles se foron empapando na casa.

Falando de discursos herdados ou que *empapan* a sociedade, ó analizar estas entrevistas (non só as do grupo de mantedores senón o conxunto das realizadas para este estudo) un dos aspectos que máis chama a atención é a frecuencia coa que aparece o concepto de *imposición* e, máis en concreto, cando se fala sobre políticas lingüísticas

que regulan o uso de galego e castelán en Galicia. Se ligamos isto coa frecuencia coa que se mencionan os incumprimentos dos *cupos* de materias que debían darse en cada idioma cando os e as informantes cursaban a Educación Secundaria, é moi probable que este discurso teña as súas orixes nas acusacións de impoñer o galego que a oposición lanzaba ao bipartito a respecto do Decreto 124/2007. Así, hai informantes consideran que a política lingüística no ámbito laboral o que debера garantir é a liberdade para decidir que lingua empregar:

CA: eu creo que cada un é libre | pero si a ti che apetece falar en galego pois | sabes? que a outra persona non lle pareza mal: sabes?

Pero tamén atopamos, sobre todo naqueles nos que se produciu un proceso de reflexión, a distinta consideración entre políticas lingüísticas que promovan o castelán e aquelas que promoven o galego:

OSC: pensas que: que esa tería que ser unha decisión do traballador ou unha decisión do empregador?

PA: tería que ser unha decisión do traballador totalmente totalmente | ousexa non quero decir tampouco que se tivera que *obligar* a ninguén a falar galego <intel> pero si fora nese caso non? no que fora ó revés si cadra de que [...] aquí neste entorno fala en galego | pero a min que para certos postos che | esixan incluso | ou che aconsellen | un pouco de presión | que fales castelán pois a min paréceme absurdo.

MA: se fora: | algo para: | para | a ver que tamén crearía controversia obviamente pero para *impoñer* o galego nas empresas privadas | pois: eu que sei | non estaría mal.

DA: toda lexislación que se faga | eu creo que debería ser para apoiar o galego non para outra cousa | e: | nese sentido se se debería: lexislar para que no mundo da empresa: | *impoñer*: | non sei é unha cuestión complicada que habería que pensar en todo caso | eu | si tomara medidas | serían medidas para: | para que o uso do galego o sea non estivese mal visto en ningún caso.

O emprego de verbos con connotacións negativas como *impoñer*, *obligar*, así como *desmadrar* son un exemplo máis de que, aínda dentro do grupo de persoas que manteñen o galego como lingua habitual e que defenden que en Galicia non deberían ter porque falar noutra lingua, a xerarquía lingüística antes apuntada, onde o castelán ocupa unha posición superior á do galego, está aceptada e non é contestada máis que de xeito superficial mediante afirmacións que non se corresponden coas actitudes das persoas entrevistadas.

3-. CONCLUSIONES

Na introdución deste traballo presentouse como concepto central do estudo a muda lingüística, definida por Pujolar [*et al.*] (2010) como o cambio de lingua nun contexto concreto ou o cambio das regras que marcan que lingua falar en cada situación determinada. Das dezasete persoas entrevistadas detéctanse cambios nas prácticas lingüísticas de doce, a maioría das cales comezaron a empregar máis o castelán na súa vida diaria; as características destes cambios son heteroxéneas e o reducido número de informantes cos que contamos non permite facer unha xeneralización que explique as mudas lingüísticas na mocidade galega, pero si contar cunha primeira aproximación á variabilidade de situacións que se producen nas etapas vitais ás que se atende neste traballo (infancia, adolescencia e mocidade) para así tratar de comprender por que se produciron nestes casos concretos e sentar bases de actuación para as accións normalizadoras.

Nestas entrevistas identificáronse dous factores chave nas mudas lingüísticas: o sistema educativo e o mundo laboral. As mudas lingüísticas relacionadas co sistema educativo danse nun momento de transición determinado: o paso da educación primaria á educación secundaria. En concreto, os e as informantes entrevistadas comezan a introducir o castelán nas súas prácticas habituais cando o cambio de etapa vai acompañado dun cambio de centro, normalmente situado nun hábitat con características urbanas, e tamén dun cambio nas redes sociais. Os mozos e mozas asumen que o castelán é non só a lingua habitual maioritaria nos núcleos urbanos cara ós que se desprazan senón tamén a lingua que se espera que eles e elas falen; o emprego do castelán revélase logo como un

mecanismo de integración nas novas redes sociais que deben tecer nun escenario cun maior grao de urbanización que os seus lugares de orixe ou residencia.

As persoas que non experimentaron cambios de hábitat durante a súa etapa formativa non presentan mudas lingüísticas durante a súa adolescencia, mais si unha vez comezan a súa vida laboral. Nesta ocasión as mudas, ben sexan espontáneas dos e das informantes ben sexan solicitadas polos seus superiores, veñen marcadas por unha concepción negativa máis que das interaccións bilingües en si, do mantemento do galego cun interlocutor ou interlocutora castelanfalante, especialmente se se trata de clientes ou usuarios ós que atender no contexto laboral.

En ambos os casos, as mudas lingüísticas semellan obedecer a unha norma subxectiva, non escrita, de adaptación á lingua dos interlocutores. Porén, esta norma subxectiva semella estar máis arraigada nos galegofalantes que nos castelanfalantes, xa que todas as persoas que tiveron o galego como lingua familiar, se ben no momento de seren entrevistadas manteñen esta lingua independentemente da do seu interlocutor ou interlocutora, se comportaron como converxentes durante a súa adolescencia e, en concreto, nos seus primeiros tempos nun novo centro educativo situado en hábitat urbano, mentres que os e as castelanfalantes non experimentaron esta situación.

A muda lingüística é entón un concepto amplo, complexo e tamén dinámico, xa que se observan, especialmente no caso dos galegofalantes, casos nos que tras unha etapa de converxencia lingüística cara ós interlocutores ou interlocutoras retornan ás prácticas monolingües en galego. Aínda que nas entrevistas realizadas se intuían algúns dos factores que determinaban o retorno (por exemplo a afirmación da identidade propia a través da lingua) non poden apuntarse aquí porque non se afondou o suficiente neste aspecto, o que de seguro resulta de interese para investigacións posteriores.

Como se indicou na Introducción, coñecer os tipos de cambios que se producen, onde, cando e por que, contribúe a unha mellor planificación das accións normalizadoras. As entrevistas realizadas indican que os cambios nas prácticas lingüísticas teñen lugar durante o paso da educación primaria á educación secundaria;

cambios de etapas educativas que, de non residir en vilas grandes ou cidades, levan asociado un cambio de centro, de hábitat e de redes sociais. A relación entre cambio de lingua e instituto non se establece polo carácter deste de institución educativa, senón polo seu carácter de lugar de socialización, onde volve entrar en xogo o concepto de redes sociais de Milroy. O cambio de lingua, polo menos nos casos estudados, lígase coa construción dunha nova identidade social fóra da rede de contactos á que xa se pertence, nun tipo de hábitat máis urbano. Aquí é onde se atopa unha sorte de profecía autocumprida: os hábitats urbanos asócianse co castelán, polo que o desexo de encaixar en novas redes sociais empuxa ós galegofalantes a empregar o español, negándoselle así ás persoas como ALO (galego como lingua inicial pero castelán fóra do contexto familiar) oportunidades de uso da súa lingua.

A lingua galega, entón, atópase invisibilizada, non normalizada, en hábitats urbanos. Non é novidade que a poboación galega tende á concentración ben nas cidades, especialmente as do denominado eixo atlántico, ben no seu ámbito periurbano. En relación con isto, os esforzos normalizadores e de política lingüística deberían dirixirse en dúas direccións paralelas: desmontar a asociación galego-rural e castelán-urbano e dar visibilidade ós e ás galegofalantes urbanos.

A asociación das linguas cun determinado tipo de hábitat ten a súa base nunha asociación do tipo de hábitat co status social, xa que a lingua actúa como marcador de procedencia e, consecuentemente, de clase. Isto parece ser o que, en última instancia, determina a xerarquía lingüística na que o castelán é erixido como superior ó galego por ser, historicamente, a lingua das clases altas, residentes precisamente nas cidades. Se temos en conta o desexo universal da mellora das condicións de vida, que normalmente se asocia cun ascenso na escala social, atopamos o motivo de que o castelán sexa a lingua non marcada, porque non delata procedencia. Así, os falantes que experimentan mudas do galego cara ó castelán, ou que converxen, empregan esta lingua para potenciar a súa imaxe positiva, o desexo de seren aceptados, sen importarlles a súa imaxe negativa, é dicir, o desexo de seren respectados independentemente da lingua que falen. Ligado a isto está a visibilidade das persoas con

galego como lingua inicial en hábitats urbanos, pois se non se lles proporciona visibilidade e oportunidades de uso dentro do grupo de iguais o número de galegofalantes seguirá tendendo a diminuír.

A razón é simple: no grupo dos iguais non só se forman relacións de amizade, senón tamén relacións de parella, que poden cristalizar nunha familia. Se no grupo de iguais a lingua habitual é o castelán e esta se institúe como lingua da parella, especialmente nos casos de galegofalantes iniciais, o máis probable é que esta sexa tamén a lingua que se transmita familiarmente. Guiar as accións normalizadoras e as políticas lingüísticas nesta dirección non resultaría infrutuoso, pois neste propio traballo obsérvase xa como o emprego do galego de xeito habitual por parte de varias das entrevistadas está aumentando os niveis de uso do galego nas súas parellas, castelanfalantes iniciais e habituais nados, criados e actualmente residentes en hábitats urbanos ou periurbanos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Atkinson, Rowland e John Flint (2004): “Snowball sampling”, en Michael S. Lewis-Beck, Alan Bryman e Tim Futing Liao (eds.), *The SAGE Encyclopaedia of Social Science Research Methods*. Thousand Oaks, Calif.: Sage, 1044-1045.
- Brown, Penelope e Stephen Levinson (1987): *Politeness. Some universals in language use*. Cambridge: University Press.
- Christison, Mary Ann (2010): “Negotiating multiple language identities”, en David Nunan e Julie Choi (eds.), *Language and culture. Reflective narratives and the emergence of identity*. New York: Routledge, 74-81.
- De Fina, Anna (2003): *Identity in narrative: a study of immigrant discourse*. Amsterdam: John Benjamins.
- Goffman, Erving (1990): *The presentation of self in everyday life*. London: Penguin Books.
- Milroy, Lesley (1980): *Language and social networks*. Oxford: Basil Blackwell.
- O’Rourke, Bernadette e Fernando Ramallo (2013): “Competing ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia”, *Language in Society* 42(3), 287-305.

- O'Rourke, Bernadette e Fernando Ramallo (2014): "Perfiles de neohablantes de gallego", *Digithum: A relational perspective on culture and society* 16, 98-105.
- O'Rourke, Bernadette e Fernando Ramallo (2015): "Neofalantes as an active minority: understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician", *International Journal of the Sociology of Language* 231, 147-165.
- Padín Álvarez, Paulo (2017): *Neofalantes na era digital*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. [Traballo de Fin de Mestrado].
- Pujolar, Joan, Isaac González e Roger Martínez (2010): "Les mudes lingüístiques dels joves catalans", *Llengua i Ús* 48, 65-75.
- Ramallo, Fernando (2018): "Linguistic diversity in Spain", en Wendy Ayres-Bennett e Janice Carruthers (eds.), *Manual of Romance Sociolinguistics*. Berlin: De Gruyter.

A FRONTEIRA GALEGO-PORTUGUESA. ACTITUDES E PERCEPCIÓNS LINGÜÍSTICAS

Lucía Díaz Nicolino

Universidade de Santiago de Compostela
lucia.diaz.nicolino@rai.usc.es

Resumo: A fronteira galego-portuguesa conta cunha riqueza cultural que a fai exclusiva. Durante décadas, ambos os lados da raia estiveron fortemente ligados, con sistemas económicos interdependentes e con relacións sociais constantes. Esta interacción constante provocou que a lingua falada a un lado e outro da raia compartira características que a fan identificarse como a mesma. As propias relacións sociais poderán explicar o porque das percepcións e actitudes que teñen galegos e portugueses da comunidade veciña.

Esta investigación fundaméntase nun traballo de campo desenvolvido na comarca galega de Verín e no distrito portugués de Vila Real, territorios limítrofes. A través das declaracións dos falantes tentouse analizar ata que punto as actitudes e as percepcións lingüísticas son reflexo das propias relacións sociais entre galegos e portugueses.

Palabras chave: fronteira galego-portuguesa, actitudes lingüísticas, percepcións lingüísticas.

Title: The Galician-Portuguese border. Linguistic attitudes and perceptions.

Abstract: The Galician-Portuguese border has a cultural richness that makes it exclusive. For decades, both sides of the line have been strongly linked, with interdependent economic systems and constant social relations. This constant interaction has caused the language spoken on either side of the line to share characteristics that make it identify as the same. The social relations themselves will be able to explain the reason for the perceptions and attitudes of Galicians and Portuguese in the neighbouring community.

This research is based on fieldwork carried out in the Galician region of Verín and in the Portuguese district of Vila Real, bordering territories. Through the statements of the speakers, an attempt

was made to analyse the extent to which linguistic attitudes and perceptions are a reflection of the social relations between Galicians and Portuguese.

Key words: Galician-Portuguese border, linguistic attitudes, linguistic perceptions.

1. INTRODUCCIÓN

Unha fronteira cunha riqueza cultural tan forte como é a de Galicia e Portugal merece ser estudada con profundidade pola lingüística galega, labor que aínda non foi levado a cabo máis ca de maneira inicial. Este artigo pretende introducirse un pouco nese universo raiano, achegándose ás actitudes e ás percepcións lingüísticas que teñen os habitantes da fronteira.

Para empezar, debo recoñecer a forte motivación persoal que me impulsou a facer este estudo. Como nativa de Verín, sinto que a memoria histórica da miña comarca está quedando no esquecemento. O pasado dos verineses non pode ser recreado sen falar de Portugal e as relacións mantidas cos veciños: contrabando, comercio, casamentos... Mais esta realidade, vivida polos meus avós e outros moitos, estase “apagando” ao mesmo tempo que, por desgraza, se apagan as súas vidas. Quizais a miña pretensión real con este artigo sexa facer un pequeno recoñecemento a ese pasado familiar que permitiu a miña actual existencia tal e como hoxe é.

Como punto de partida e de inspiración, tomouse o traballo de Irene Santos Raña e de Soraya Suárez Quintas titulado “Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha perspectiva ourensá” (2014). A novidade reside en que, mentres Irene Santos e Soraya Suárez se limitaron a recoller información exclusivamente no lado raiano galego, este traballo dá un paso máis aló. Prestarase atención ás percepcións e actitudes dos veciños portugueses e non só ás dos galegos, logrando deste xeito unha análise contrastiva e máis completa.

Fixouse como principal obxectivo deste estudo a análise das actitudes e percepcións lingüísticas dos veciños da raia e a comprobación de en que medida son o reflexo da forte actividade social

mantida entre galegos e portugueses durante décadas. A hipótese inicial da que se parte é que entre galegos e portugueses da fronteira, tal e como se tratará de demostrar, existe unha gran cantidade valoracións tanto positivas coma negativas cuxa explicación é froito das relacións interpersoais.

Para a realización deste traballo, en primeiro lugar fíxose unha revisión da bibliografía existente, entre a que resultou especialmente interesante o traballo de William Kavanagh (2011), que establece o concepto de identidade raiana galego-portuguesa. A partir destas informacións, realizouse un traballo de campo nos concellos galegos de Verín, Cualedro, Oímbra e Vilardevós e nos municipios portugueses de Montealegre e Chaves, nos que se realizaron un total de nove gravacións.

Este traballo quere ser unha contribución ás investigacións de fronteira. Queda moito camiño por percorrer e queda aínda moita sabedoría escondida na memoria daqueles veciños da raia que recrean con nostalgia e certa tristeza aqueles anos nos que a fronteira aínda gozaba, igual ca eles, dunha boa saúde.

2. A FRONTEIRA GALEGO-PORTUGUESA

Cando falamos do concepto de fronteira non podemos limitarnos a dicir que se trata dunha división política que separa dous ou máis territorios. Unha fronteira é moito máis ca iso: a cultura e a lingua serán aspectos fundamentais que nos permitan entender o funcionamento da raia.

Cada fronteira do mundo ten unhas características propias que a fan exclusiva; este é tamén o caso da fronteira galego-portuguesa, que ao longo do tempo atravesou diferentes fases, a través das cales as relacións entre veciños de ambos os lados foron mudando. Sendo a fronteira galego-portuguesa unha das máis antigas de Europa, non foi ata o ano 1995, coa aplicación do tratado de Schengen, cando se fixo posible a libre circulación de persoas entre Galicia e Portugal. Ata entón, o paso dun país ao outro era moi restritivo e os controis fronteirizos estaban na orde do día (Kavanagh 2011:16).

Nun primeiro momento podemos pensar que a fronteira galego-portuguesa separaba en realidade dous territorios cunha gran

continuidade. Falamos de dous espazos cunhas características económicas e lingüísticas moi semellantes, que pola súa localización periférica eran esquecidos polos respectivos gobernos centrais e que estaban unidos baixo a práctica ilegal do contrabando. Así e todo, dende o momento no que se establece unha fronteira e se limitan dous territorios como diferentes, inícianse unha serie de procesos a través dos cales os veciños da raia comezan a identificar os habitantes do outro lado (por moitas características que teñan en común) como “os outros”. Esta identificación do propio fronte ao alleo a partir da raia foi promovida polas políticas de implantación do estado-nación moderno.

Con todo, e como se tratará de mostrar neste estudo, no territorio galego-portugués son moitas máis as cousas que unifican o espazo das que o separan. Estamos ante unha área xeográfica que viviu unhas condicións históricas semellantes. Ambos os lados da raia conviviron cunha ditadura e unha forte crise económica acentuada polo carácter rural da fronteira, ante a cal veciños galegos e portugueses trataron de paliar a falta de recursos coa práctica ilegal do contrabando. Se sumamos a estas características a existencia dunha lingua case idéntica, comprenderemos a realidade dun clima social moi próximo entre habitantes dun e outro lado.

Hoxe en día as circunstancias mudaron e tras a creación da Unión Europea os países membros contan coa libre circulación de persoas entre territorios. Xa non existen controis fronteirizos e o fluxo de persoas é constante; non obstante, parece que ambas as comunidades se viran de costas máis ca nunca, tal e como explicaremos máis adiante neste artigo.

3. METODOLOXÍA

Este estudo estará centrado nas relacións existentes entre a comarca galega de Verín e os concellos fronteirizos do distrito portugués de Vila Real. Realizáronse un total de nove entrevistas nos concellos de Cualedro, Oímbra, Verín, Vilardevós, Montealegre e Chaves. Detémonos naquelas aldeas afincadas mesmo na raia por unha banda, e por outra afastámonos da propia fronteira para coñecer as opinións

e valoracións daqueles habitantes próximos á mesma pero que non lindan co país veciño.

O perfil do informante que buscamos é o típico dos estudos dialectais: home ou muller maior de 60 anos, cun nivel de estudos baixo e unha mobilidade xeográfica reducida.

A entrevistadora, falante nativa de Verín, utilizou durante as entrevistas a variedade local para conseguir unha maior proximidade co falante. Para a transcripción das gravacións acordouse seguir as convencións ortográficas de cada lingua, pero reproducindo todos os trazos dialectais: contraccións, castelanismos, lusismos e fenómenos propios da oralidade que puidese presentar o falante. Procurouse que as entrevistas transcorresen coa maior naturalidade posible, de maneira que os falantes fosen menos conscientes de que estaban a ser gravados e a conversa fose máis espontánea, buscando deste xeito que nos contasen anécdotas ou experiencias persoais.

As entrevistas constaron de tres partes. Primeiramente, recolléronse por escrito os datos persoais do falante para achegármonos ao seu perfil sociolingüístico e deste xeito comprobar ata que punto as súas percepcións lingüísticas e sociais poden estar relacionadas coa idade, nivel de estudos ou estadías no estranxeiro. A continuación, a entrevista centrouse en dous bloques fundamentais de preguntas. En primeiro lugar, tentouse indagar nas relacións que existen ou existiron no territorio cos habitantes do país veciño. O segundo bloque de preguntas centrouse en aspectos relativos á lingua, tales como o grao de semellanza percibido entre galego e portugués, a proximidade coa lingua estándar ou a maneira na que galegos e portugueses se comunican. As respostas estaban moi ligadas ao bloque anterior de preguntas e, durante esta fase, os entrevistados facían constantes alusións ás relacións establecidas entre ambas as comunidades.

Unha vez obtido o corpus de datos, comezou a súa análise, tomando como punto de partida o traballo feito por Irene Santos Raña e Soraya Suárez Quintas (2014) sobre a percepción e as actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa.

4. RELACIÓNS SOCIAIS ENTRE GALEGOS E PORTUGUESES

4.1. O CONTRABANDO

O contrabando foi unha actividade esencial no contexto histórico da comunidade raiana galego-portuguesa e como tal debe ser tido en conta á hora de analizar a identidade dos veciños fronteirizos (Godinho 2009: 43). A actividade clandestina axudou a reforzar os lazos sociais entre galegos e portugueses. Un negocio como o contrabando, perseguido e castigado pola lei dun e doutro país, esixía unha rede de contactos de confianza ao outro lado da fronteira. A cooperación entre ambas as nacionalidades era esencial para o transporte de mercadorías e para burlar os controis policiais. Os veciños de ambos os lados encargábanse de levar o produto ata a raia e, alí, galegos e portugueses facían os intercambios. Cada un regresaba á súa aldea e encargábase de distribuír as novas mercadorías. Era un negocio no que se vían envoltas aldeas enteiras. Segundo varias testemuñas de Vilar de Perdizes, todo o pobo, coa excepción de dúas persoas, das que incluso nos facilitaron nome e apelidos, estaba inmerso no mercado ilegal. Na altura creouse un clima social no que veciños de ambas as nacionalidades se identificaban como un único equipo, que traballaba unido para acadar un propósito común:

Eran socios, o contrabandista de aquí e o contrabandista de alá que lle era o socio. Un pasaba de alá e outro pasaba de aquí (Feces de Abaixo, Verín).

Nós, a nossa vida era combinar ums com os outros (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Para esquivar os controis policiais da gardinha (Garda Fiscal portuguesa) e dos carabineiros (Garda Civil Española) existía toda unha rede de rutas ou trillo do contrabando. Tratábase dunha serie de camiños alternativos e agochados polo monte que comunicaban as aldeas galegas coas portuguesas. Unha das rutas máis importantes e recoñecidas, que actualmente é vendida como un atractivo turístico na zona, é a que enlaza Xixirei (Chaves) con Soutochao (Vilardevós):

Tudo se pasava por carreiros e camiños mal feitos [...] tínhamos que ir pelo monte sanáo quitavam-nos as coisas (Vilar de Perdizes, Montalegre).

As épocas de maior esplendor para o contrabando remóntanse á posguerra española, que deixou moitos fogares da raia sen recursos. Foi un período no que a circulación de mercadorías procedentes de Portugal se intensificou, especialmente a daqueles produtos relacionados coa alimentación, como carne, azucre, café, pescado, fariña, pan, aceite e mesmo cabezas de gando vivo.

Non foron estas as únicas substancias coas que se traficou. O contrabando de tabaco é un dos máis antigos e dos poucos que persisten hoxe en día (xunto co tráfico de drogas): o máis habitual era pasalo de Portugal para España.

O que se passava variava co tempo, quando lá era barato ía-se comprar lá e quando era máis caro comprava-se aquí (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Pasaba de aquí os plátanos [...] o café viña de alá pa acá (A Xironda, Cualedro).

Agora o contrabando acabou... Queda o tabaco tal vez (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Nalgunhas aldeas, a actividade do contrabando foi fundamental para o desenvolvemento e o crecemento da vila, sendo esta a única actividade que permitiu a supervivencia dos veciños en tempos de crise. Por isto, podemos afirmar, sen ningunha dúbida, que o contrabando foi a actividade máis importante como compoñente da cultura de fronteira. Dunha forma ou doutra, o contrabando axudou a crear un clima raiano, no que a cooperación entre veciños era obrigada. Para o bo funcionamento do negocio era preciso ter amigos do outro lado nos que poder confiar, compañeiros que non os delatasen e cuxa supervivencia e sustento económico dependese da mesma actividade (Kavanagh 2011: 35). O futuro dos galegos estaba en man dos portugueses e viceversa, polo que era totalmente necesario derrubar os posibles prexuízos existentes e ver os veciños do outro país como un veciño máis:

Se não fora os dacá e os dalá em común não se facía contrabando. Por isso, esta historia tinha que ser em comum (Vilar de Perdizes, Montalegre).

4. 2. OUTROS TIPOS DE COMERCIO, FESTAS E CASAMENTOS MIXTOS

O contrabando foi unha das actividades máis importantes para establecer lazos sociais entre galegos e portugueses, pero non foi a única. O mercado legal tamén xogou un papel relevante para o contacto entre pobos. Era habitual, e continúa a sê-lo, que veciños dunha e doutra nacionalidade acudiran ao país veciño para mercar aqueles produtos que estaban máis baratos.

Por outra banda, os nosos entrevistados afirmaron que antigamente era tradición que galegos e portugueses se xuntasen cando había algunha festa na zona. Esta práctica continúa a existir entre os agora xa xubilados, que visitan o país veciño cando hai algunha romaría. As misas están ateigadas de galegos e portugueses, pois circula na zona a lenda de que as virxes das súas respectivas aldeas son irmás ou primas. Isto xera unha sensación de unión espiritual coa comunidade veciña:

Nós íamos muito a benzer os ramos a Soutichao (Vilardevós) porque aquí não havia. Éramos jóvenes e íamos máis pela brincadeira que pelos ramos (Xixirei, Chaves).

Froito destes antigos encontros nas festas, xurdiron moitos matrimonios mixtos. Cando falamos de vodas entre galegos e portugueses existe un amplo abano de opinións entre os nosos entrevistados. Mentres que para algúns os casamentos mixtos eran totalmente normais, para outros estaban cargados de connotacións negativas. As malas linguas dicían que as galegas que casaban con portugueses facíanlo porque non había ningún galego que as quixese, por teren mantido relacións con outros homes. Este tipo de comentarios foron recollidos naquelas aldeas próximas á fronteira, mais non raianas, e delata a existencia de numerosos prexuízos. O pensamento difire totalmente cando recollemos testemuños nas aldeas afincadas mesmo na fronteira, onde os casamentos entre as dúas nacionalidades eran e seguen sendo, aínda que de xeito moito menos común, normais:

En Vilar de Perdizes había unha discoteca [...] e a mocedá de aquí iban moito alí a discoteca i-alí pois muitos conocéronse alí e casáronse (A Xironda, Cualedro).

Hoxe non, hoxe non, pero antiguamente casábanse moitas españolas cos portugueses... Antes estaba mal visto casarse cos portugueses, é porque xa non a quería ningún español... Porque tivera algo con outro e xa non a quería nadie, porque antigamente había que ser moi decente, eh! (Vidiferre, Oímbra).

Vivir na fronteira tiña, na época, os seus privilexios. Existía o chamado “efecto-fronteira”, mediante o cal as persoas viúvas evitaban perder a súa pensión de viuvez casando de novo no país veciño. Mentres que un estado as recoñecía como viúvas, condición pola que cobraban unha pensión, podían casar civilmente no outro país sen renunciar a ese subsidio: nun país eran considerados como viúvas e no outro estaban legalmente casadas (Godinho 2009: 29-57).

Merecedora de mención é tamén a historia dos chamados “pobos promiscuos”, que se correspondían coas aldeas de O Cambedo, Soutelinho da Raia e Lamadarcos, todas elas afincadas mesmo na fronteira e integradas actualmente no concello de Chaves. Estas estaban habitadas por galegos e portugueses e a raia que delimitaba a separación entre ambos os países pasaba xusto polo medio das aldeas. Había casas que eran metade españolas e metade portuguesas, cunha porta de saída para cada país. Este fenómeno facilitaba moito o negocio do contrabando, actividade de sustento dos seus habitantes, que gozaban dunhas terras de cultivo moi pouco produtivas (García 2000: 25-180):

A rúa... metade era Portugal, do lado de acá. O que separava España de Portugal era a rúa principal [...] era a raia (Soutelinho da Raia, Chaves).

4. 3. A RAIA COMO ALGO NON EXISTENTE

Está claro que a raia galego-portuguesa na comarca de Verín e no distrito de Vila Real non funcionou como unha barreira cultural e social: as festas eran puntos de encontro entre as dúas comunidades

e nelas uns veciños abrían as portas aos outros. As amizades fan un paso máis alá dos negocios e os matrimonios mixtos eran habituais.

Ademais, o estilo de vida era compartido e a situación económica moi semellante. Galegos e portugueses traballaban as súas terras facendo uso das mesmas técnicas de cultivo e completaban o sustento familiar coa actividade clandestina do contrabando. As terras de galegos e de portugueses lindaban e, na maioría dos casos, non existía unha separación física que marcasse a propia fronteira; colocarse á dereita ou á esquerda dun penedo podía implicar o cambio dun país ao outro:

Traballaban moitos os portugueses tamén (referíndose á recollida da castaña) e estamos todos xuntos e é como si fósemos os dous os mesmos pueblos, non hai raia nin hai nada (Vidiferre, Oímbra).

Éramos todos um e trabalhávamos juntos. Tinham também uma terra coa nossa, era mesmo extremo com extremo (Vilar de Perdizes, Montalegre).

No medio deste panorama social debemos ter en conta un aspecto fundamental: a lingua. A proximidade lingüística entre o galego e o portugués debeu actuar como un nexo. A inexistencia dunha barreira lingüística contribuíu ao intercambio cultural e ao fomento das relacións persoais entre veciños de ambas as nacionalidades. Será precisamente nestas relacións entre galegos e portugueses onde nacen moitas das percepcións e actitudes lingüísticas que foron recollidas entre os nosos falantes.

5. ACTITUDES E PERCEPCIÓNS LINGÜÍSTICAS

A finalidade principal deste traballo é estudar as actitudes e as percepcións lingüísticas que resultan das relacións sociais entre os falantes dos dous lados da raia nesta zona.

Seguindo a Lambert, entendemos por actitude lingüística a suma de tres factores fundamentais:

- Elementos cognitivos: as crenzas, os coñecementos e os prexuízos existentes entre os falantes. Forman a chamada conciencia

sociolingüística do falante e serán determinantes á hora de analizar as súas actitudes lingüísticas.

- Elementos afectivos: os xuízos de valor e as asociacións establecidas polos falantes entre lingua e identidade. Noutros termos, o contacto entre falantes e a convivencia nun mesmo contorno non implican necesariamente que os prexuízos de valor de cara á outra lingua sexan bos nin que a lingua da outra comunidade sexa identificada como propia.
- Elementos conativos: as condutas tomadas polos falantes dunha ou doutra lingua en determinados contextos.

En xeral, a definición de Lambert foi aceptada pola maior parte dos lingüistas, aínda que moitos estudosos decidiron ampliar ou matizar algúns aspectos como a importancia de factores como o sexo e a idade (Gómez 1998: 89). No que coinciden todos os autores é na vinculación que existe entre as actitudes lingüísticas e a interacción social. As actitudes lingüísticas non nacen de xeito illado en cada unha das persoas, senón que tenden a ser xerais e compartidas polo grupo de falantes que habitan unha zona e comparten un contexto social semellante (Barragán 2018: 98).

As actitudes de cara a unha lingua non están fundamentadas exclusivamente no grao de “corrección” ou “incorrección” lingüística nin na súa proximidade coa lingua estándar. As persoas máis achegadas, coas que se manteñen relacións máis estreitas, tenden a considerar que os seus semellantes dominan unha variedade da lingua moi próxima á deles, mentres que coas persoas socialmente máis diferentes a percepción muda e hai un afastamento lingüístico maior. O mesmo pode suceder á inversa, que un afastamento social sexa produto dunha forte diferenciación lingüística.

5.1. ACTITUDES E PERCEPCIÓNS LINGÜÍSTICAS DOS FALANTES RAIANOS

Como se apuntou máis arriba, a información extraída do noso corpus de entrevistas demostra que as actitudes que teñen os falantes de cara á lingua son o resultado dunha serie de factores latentes na sociedade.

Ao falar en termos raianos debemos establecer, en primeiro lugar, un forte vínculo entre lingua e relacións sociais. A prosperidade dos contactos sociais entre galegos e portugueses foi posible grazas á proximidade lingüística entre ambas as linguas. Ao mesmo tempo, estes contactos sociais enriquecían a construción dunha lingua común para o territorio raiano, con elementos dun e doutro lado.

A primeira percepción dos nosos falantes foi o parecido existente entre ambas as linguas. Os datos recollidos indican que é unha apreciación xeral, común a todos os entrevistados raianos, ben sexan galegos ou ben sexan portugueses:

Esto es lo mismo, tanto aquí como de allí se habla lo mismo (Xixirei, Chaves).

A presenza da fronteira favoreceu a aparición dalgunhas actividades e relacións entre galegos e portugueses que dotan a zona de exclusividade, posto que non serían posibles noutros puntos do país:

O galego é a minha fala.... Escápanseme muitas palavras da Galiza (Vilaverde da Raia).

Ahora son dous pueblos xuntos, parecen españoles... todo un pueblo (Vidiferre, Oímbra).

O que fan os nosos falantes ao afirmar que galegos e portugueses da raia falan a mesma lingua é reforzar a súa identidade propia como unha comunidade única e ben diferenciada das outras.

A través das súas declaracións, os veciños raianos defenden unha cultura común, non facendo distincións entre as dúas nacionalidades. Será, precisamente este clima social o que lles permita afirmar, nun primeiro momento, que ambas as linguas son moi próximas, comprensibles mutuamente e, en ocasións, chegar incluso a dicir que se trata dunha única lingua.

O formato da conversa, tal e como foi descrito na metodoloxía, obedece a unha orde concreta, na que, primeiramente, se lles pregunta aos falantes polas relacións sociais cos veciños da outra nacionalidade e, de seguido, se lles pregunta por cuestións lingüísticas. A intención desta orede é que os entrevistados recreen

previamente o contexto social no que galegos e portugueses convián nun mesmo espazo. Sería ilóxico que, inmediatamente despois de falar dunha comunidade única e cooperativa entre veciños de ambos os lados da fronteira, se negase a existencia dun sistema de comunicación común.

Non obstante, a medida que a entrevista avanzaba puidose percibir como estas afirmacións iniciais se ían matizando. Tras estas primeiras declaracións, a entrevistadora preguntoulles ás participantes que aspectos da lingua eran os que permitían falar de linguas idénticas. Nese momento comezaron a asomar múltiples contradicións, poñéndose de manifesto que galego e portugués se parecen nalgunhas cousas pero que tampouco son tan semellantes como esas primeiras afirmacións parecían indicar. Nesta segunda fase da conversa desaparecen por completo as anteriores afirmacións do tipo “galego e portugués son a mesma lingua”, e aparecen manifestacións como:

(E: Na raia enténdese todo entón?) Todo, todo. O portugués é case parecido co galego... Bueno, hai cousas, hai cousas diferentes. (E: Tu pensas que é moi diferente o portugués do galego?) Chégalle ben! (Vidiferre, Oimbra).

O portugués deles é igual có galego... Non é igual, ten algo de diferente pero pa entendernos nós é o mesmo (A Xironda, Cualedro).

Para entendermos estas contradicións, debemos reparar en dous factores decisivos. Por unha banda, a proximidade e a convivencia de galegos e portugueses nun territorio común xera unha sensación de afastamento e exclusión con respecto a aqueloutras aldeas que non son raianas e nas que o sistema económico e a organización social son diferentes. Por outro lado, os veciños da fronteira son conscientes de que Galicia e Portugal son dúas nacións distintas, que pertencen a países diferentes. Todos son da raia e iso fainos exclusivos, mais a fronteira está habitada por dúas nacionalidades: galegos e portugueses.

Obviamente nesta percepción ten moito que ver a ideoloxía nacionalista transmitida polos estados a través dos medios de comunicación, a escola, o exército etc. Os entrevistados viven en territorio

galego ou en territorio portugués e están sometidos ás leis do seu país, que os etiqueta baixo unha das dúas nacionalidades. Esta transmisión nacionalista choca coas vivencias e o intercambio cultural da fronteira, que fai que os habitantes deste territorio sexan conscientes de que a súa forma de vida é exclusiva. É a propia fronteira a que xoga un dobre papel: separa e clasifica os veciños en dous países diferentes, pero ao mesmo tempo unificaos baixo unha cultura e unha identidade común que os diferenciará do resto de Galicia e do resto de Portugal.

Eu si vén un portugués aquí fállolle galego, estou na miña patria. Si vou alí fállolle portugués (Vidiferre, Oímbra).

Enténdense perfectamente (referíndose ás linguas da raia) pero si vas máis cara a alá, cara ó centro xa non se entende tanto (Vidiferre, Oímbra).

Na raia convivemos juntos, o galego é quase português e o português é galego o noso português é quase galego. Pontevedra e pa alá é um galego mais diferente (Vilar de Perdizes, Montalegre).

As linguas forman parte da identidade e, polo tanto, esta dualidade explicada tamén será aplicada para cuestións puramente lingüísticas. A fronteira permitiu a creación dunha variedade lingüística común e entendida en todo o territorio raiano, pero ao mesmo tempo a propia fronteira separa na mente a lingua dos falantes de galego e de portugués.

Todos os nosos participantes afirmaron a existencia de variedades dialectais no seu país, que non en todas as partes se fala igual e que cada territorio ten as súas características idiomáticas. Foi neste punto onde entrou en xogo a comunidade galego-portuguesa como comunidade falante. Todos diferenciaron a súa variedade lingüística doutras que se poden atopar no seu país a través da influencia xerada pola lingua veciña. Os entrevistados recoñeceron que no territorio raiano non se fala galego nin portugués, senón unha mestura de ambas as linguas. Isto dota a zona dunha fala exclusiva e diferenciada das do resto do país:

Hai portugués que nuns pueblos falan dunha maneira e noutros doutra, como aquí o gallego. O gallego en Pontevedra é dunha maneira, aquí doutra. Aquí como é raiano, raiando con Chaves xa case vai unha cousa.... moi parecida (Vidiferre, Oímbra).

Istes de aquí (referíndose aos portugueses da raia) son como un veciño máis. Os de Lisboa e pa alá hasta falarán outro idioma, pero estes de por aquí si (Vidiferre, Oímbra).

Os de Soutichao (Vilardevós) não falam galego como... como os da Coruña nin outros lados (Xixirei, Chaves).

Nós non falamos todos iguais e somos galegos (Feces de Abaixo, Verín).

Para mim o portugués mais bonito é o de Coimbra, é o verdadeiro portugués... Nós falamos metade galego (Soutelinho da Raia, Chaves).

Eu falo mais como em Ourense que como em Lisboa. A minha fala está mais perto cos de Ourense que cos de Lisboa (Vilar de Perdizes, Montalegre).

A través das entrevistas, comprobamos que as comunidades afastadas da fronteira son recoñecidas polos raianos como os “outros”, os diferentes, fronte á súa propia identidade, sustentada no contacto co país veciño. Este grupo galego-portugués-fronteirizo opera como único cando hai que comparar a súa fala ou o seu sistema de vida cos dos demais galegos e portugueses, mais estes veciños teñen claro que, a pesar de convivir e parecerse, non son o mesmo.

5.2. PERCEPCIÓN DAS SEMELLANZAS E DIFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

Unha vez que os nosos entrevistados afirmaron que o galego e o portugués son linguas distintas, comezaron a aflorar as primeiras diferenzas percibidas. Estas serán clasificadas en dous grupos principais: diferenzas léxicas e diferenzas fonéticas.

Nun territorio con dúas linguas tan próximas e no que existe a continuidade léxica (Álvarez 2010), a maior parte dos vocábulos

son comúns. É por iso que as poucas diferenzas léxicas que podemos atopar chaman tanto a atención dos falantes.

O que eles en vez de decir patatas dicen batatas e outras cousas. Todo é contrario (Vidiferre, Oímbra).

Entendo todo (do galego) aunque me río con muchas palabras, le encuentro mucha gracia (Xixirei, Chaves).

Eles din: gracias. E que din palabras que... que... Pois gracias, obrigado! (Xixirei, Chaves).

Atopamos tamén testemuñas que empregan o léxico para, de novo, autodefinirse como unha comunidade exclusiva. Pretenden aproximar o galego e o portugués raiano para diferenciarse doutras zonas do país.

Aquí por exemplo dizemos: ai! Os castinheirolos das patatas. Para te por um exemplo. Tenho uma cunhada em Vila Real que não sabia o que era [...] Em Galicia também se chama o castinheirolo da patata (Xixirei, Chaves).

Nós dizemos auga e os outros portugueses dizem agua. Agua dise em Lisboa e nós dizemos auga como na Galiza... (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Outras diferenzas percibidas polos entrevistados foron as de tipo fonético. Os exemplos dados son moi pouco precisos, mais non cabe dúbida de que son conscientes de que existen sons diferentes e unha entoación diferenciada. Para ilustrar exemplos, tentaron imitar aqueles fonemas que diferencian galego e portugués, mais ninguén nos achegou datos concretos ou nos transmitiu con exactitude as características fonéticas que separan ambas as linguas. Despois da análise das gravacións, detectamos que, maioritariamente, os aspectos máis citados son os que obedecen ao sistema de sibilantes.

Nós por exemplo dizemos Sisirei e eles Xixirei (Xixirei, Chaves).

A fala portuguesa nótase moito, moi pronto da outra. Solo falen xa os conoces (Vidiferre, Ómbra).

Aquí em Portugal pronúnciase muito a s, por exemplo “aseite” (Xixirei, Chaves).

É de especial interese, deterse noutro tipos de actitudes e prexuízos lingüísticos escondidos nos testemuños estudados. Ato- pamos declaracións nas que os entrevistados afirman que o galego ou o portugués que falan non é “o correcto”, que a súa variedade está contaminada pola lingua veciña e que o que falan non é “galego, galego” ou “galego orixinal”. Existe polo tanto, unha concepción negativa do sistema lingüístico propio, dotando a variedade dialectal autóctona da raia cunha calidade e un valor inferior fronte ao doutras variedades do país.

Os entrevistados galegos remitíronnos constantemente á lingua das cidades, afirmando que é alí onde se fala ben o galego. Os portugueses, por outra banda, recoñecen a variedade lingüística do sur do país como a máis correcta, nomeando de forma explícita, o portugués falado en Lisboa e Coimbra. Comprobamos deste xeito que existe, entre a poboación, a crenza de que a lingua das cidades é máis pura, correcta e elegante que as variedades faladas na súa contorna rural:

Nós falamos mal, o nosso português não é o português... O português português é falado em Lisboa (Vilar de Perdizes, Montalegre).

Aquí falamos coma nós, pero alá falan outro idioma máis distinto [...] aquel é o propio ghallego [...] pa Pontevedra e pá Coruña e por aí onde se fala ben (Resoxende, Vilardevós).

E mais bonito o português mais pa baixo, aqui solo sabem falar caralho, caralho... não sabem falar o idioma, não sabem (Vila-verde da Raia).

6. AS ALDEAS NON RAIANAS

Despois de tratar sobre as consideracións, actitudes e percepcións que teñen os falantes da raia sobre a súa comunidade tamén resulta de interese falar de como estes son percibidos por aqueles territorios que non se localizan mesmo na fronteira.

Para a realización deste estudo, incluíronse no corpus dúas gravacións feitas nas aldeas de Moialde e Resoxende, ambas pertencentes ao concello de Vilardevós, próximas á fronteira pero sen limitar con territorio portugués. Empregamos o mesmo modelo de entrevista para falar con estes veciños. Primeiramente, quixemos indagar sobre o contexto social de interacción entre estes galegos e os portugueses e logo comezamos a falar de cuestións lingüísticas.

O contrabando seguía a ser un negocio importante nestas aldeas mais a cantidade de veciños que se dedicaban ao mercado negro non era tan alta. Tampouco era o mesmo o *modus operandi*, xa que os veciños destes territorios non precisaban ter ningún tipo de contacto cos portugueses nin unha persoa da súa confianza ao outro lado, pois o seu labor consistía en repartir as mercadorías que xa foran traídas dende Portugal ao país:

Eu non iba a Portugal, o contrabando iba xa a Arzoá (aldea raiana) e despois de Arzoá nós tiñamos que pasalo todo por aí, ó Riós (Moialde, Vilardevós).

Quizais esta falta de contacto entre ambas as nacionalidades é a explicación para a cantidade de prexuízos que atopamos nestas aldeas máis afastadas da fronteira. A imaxe dos veciños non raianos sobre os portugueses non é nada boa, e desvincúlanse de todo parecido (social ou lingüístico) que se lles poida atribuír cos habitantes do outro país:

Eu non entendo nada de portugués, eles son malos [...] porque son rabudos... Bueno, eu non os entendo, que vaian pá cona que os pariu! (Moialde, Vilardevós).

(E: Que opinas dos veciños portugueses?) Bueno... millor ghuardaios nun bolsillo (Moialde, Vilardevós).

Eu nunca tuven un amigo portugués (Resoxende, Vilardevós).

As actitudes negativas de cara á lingua veciña en seguida se fixeron notar. Estes falantes son conscientes de que non falan do mesmo xeito que noutras partes de Galicia, pero tamén afirman, rotundamente, que a súa fala non se parece á dos falantes da raia, os cales son identificados con trazos lingüísticos moi próximos ao portugués. O galego da fronteira é totalmente menosprezado por estes veciños non raianos:

Eu falo diferente a eles (aldeas raianas)... eles xa conocen máis ben o... o bruto do portugués, as palabras de Portugal (Moialde, Vilardevós).

Os da raia non falan galego, xa falan casi o portugués (Moialde, Vilardevós).

A medida que avanzamos na conversa os nosos entrevistados comezan a caer en contradicións. Afirman que non están capacitados para entender o portugués do sur do país, e que, na raia, o portugués que se fala ten moito máis en común co galego. Aínda que estes falantes se queren afastar o máximo posible das vinculacións que se lles poida atribuír coa comunidade portuguesa, intúen, quizais dunha maneira inconsciente, que entre o galego e o portugués da zona non existen tantas diferenzas como nun primeiro momento tentaron demostrar:

Nunca tuven problemas pa entender a un portugués [...] pa Lisboa e pa aí xa tería máis problemas porque falan doutra maneira (Resoxende, Vilardevós).

O portugués parécese máis ao galego desta zona que o que se fala na Coruña (Resoxende, Vilardevós).

7. ACTUALIDADE:

MORTE DA CULTURA DE FRONTEIRA

Está claro que a cultura de fronteira é un tesouro que debe ser conservado e protexido. Moitos veciños da comarca de Verín medraron neste clima raiano, nun contexto social no que os contactos coa comunidade portuguesa eran constantes.

A situación actual mudou completamente. A fronteira xa non funciona como unha barreira física e o fluxo de persoas e mercadorías está totalmente normalizado: galegos e portugueses van con regularidade ao país veciño. Con todo, a fronteira si parece actuar como unha barreira ideolóxica, que separa calquera contacto humano ou afectivo entre galegos e portugueses. Falamos, agora, das novas xeracións.

Hoxe en día, as visitas dos galegos a Chaves son continuas, do mesmo xeito que o son as dos portugueses a Verín. Estes desprazamentos obedecen principalmente a motivos de ocio. Sería lóxico pensar que, nun contexto no que mozos galegos e portugueses comparten o mesmo espazo de diversión e en que as relacións internacionais son constantes, se producise unha maior aproximación afectiva, mais isto non acontece (Kavanagh 2011: 42).

As formas de vida mudaron: o mundo rural está nun proceso constante de abandono, desapareceu o mercado negro como forma de vida e os núcleos de poboación máis grandes son Verín e Chaves, dous territorios próximos pero non afincados na mesma raia. Este escaso contacto social é un dos condicionantes que, xunto coa escolarización e o ensino da lingua estándar, cada vez afastan máis o galego e o portugués. Estes factores contribúen sen dúbida á morte da cultura raiana (Kavanagh 2011: 41).

Non obstante, percíbese entre os veciños da zona unha certa nostalgia por ese pasado común entre galegos e portugueses. Nace así unha serie de iniciativas e proxectos que pretende deter esa desaparición cultural que arrastrará consigo a morte das xeracións máis vellas, aqueles que viviron nos anos de máxima actividade fronteiriza.

O concello de Vilardevós fixo investimentos importantes para restaurar as antigas “rutas ou trillos do contrabando”, que hoxe en día son dos puntos de maior interese turístico no concello. Ademais, en 2007 inaugurouse o chamado Centro de Interpretación do

Contrabando, un pequeno museo que ten como misión non deixar no esquecemento este pasado e dar a coñecer ao resto de Galicia parte desa historia galega tan ignorada. Este museo foi visitado por escolares de todo o país.

Nalgunhas aldeas raianas, nos meses de verán, fanse as chamadas “Festas do contrabando”. Nestas celebracións, galegos e portugueses agrúpanse para facer unha recreación dunha escena típica dos tempos do contrabando e unha comida común (Kavanagh 2011: 43). Os netos daqueles antigos contrabandistas renden tributo aos seus avós e participan activamente nestas festas, cooperando cos veciños do outro lado para organizar a festividade e traballar na escenificación.

Por outra banda, existen algunhas tentativas por parte do Goberno central de protexer a cultura de fronteira, como a creación das chamadas Eurociudades, mais non parecen frear esta morte cultural. Pode que a solución non sexa insistir na recuperación do pasado, senón crear unha nova cultura de fronteira baseada noutro tipo de colaboracións e de contactos entre ambas as comunidades.

8. CONCLUSIÓNS

A través desta investigación queda demostrada a hipótese de partida: as actitudes e percepcións lingüísticas dos habitantes da fronteira están totalmente ligadas co contexto social e histórico da raia. Son as propias vivencias entre galegos e portugueses as que crean un clima de comunidade e continuidade lingüística.

Por outra banda, esta investigación permitiu desbotar outras ideas preconcebidas, como a existencia de prexuízos e valoracións negativas entres estes veciños raianos. Atopámonos con que as percepcións e actitudes dos raianos fronte á cultura e a lingua veciña son positivas. Ben é certo que, a pesar de autodefinirse como unha comunidade única e exclusiva, fan diferenciacións internas. Recoñecen que ambas as culturas están moi próximas, que son moi parecidas, que a lingua que se fala é practicamente a mesma, mais distinguen en todo momento galegos e portugueses: “somos unha comunidade única pero habitada por dúas nacionalidades diferentes”.

Onde si atopamos prexuizos foi naquelas gravacións recollidas nas aldeas non raianas. Son espazos moi próximos á fronteira, que algunhas veces soamente están separados do país veciño por outra pequena aldea, pero as percepcións e as actitudes destes veciños non raianos son totalmente distintas. Atopamos unha longa listaxe de valoracións negativas cara a cultura e a lingua portuguesas, evitando e repudiando calquera semellanza que se poida establecer entre a súa comunidade e a comunidade veciña. Estes prexuizos nacen nun ambiente social que non mantivo historicamente ningún tipo de contacto coa outra nacionalidade, sendo totalmente residuais os encontros entre galegos e portugueses nestas aldeas.

Sería interesante afondar neste tema en futuras investigacións; recoller testemuños de veciños non raianos do lado portugués e comprobar se entre eles tamén existen tantos prexuizos e rexeitamento cara os galegos. Ao mesmo tempo, esa ampliación permitiría explicar a existencia destas actitudes negativas.

Se retomamos o traballo de Irene Santos e Soraya Suárez (2014), os resultados obtidos pola súa investigación (centrada noutros puntos xeográficos da raia) coinciden parcialmente cos do meu traballo, tendo este a particularidade de analizar tamén as perspectivas portuguesas. Irene Santos e Soraya Suárez atoparon prexuizos naqueles falantes da propia fronteira, mentres que nesta investigación, os prexuizos foron exclusivos das aldeas non raianas.

O que si se puxo de manifesto é que estamos a presenciar a desaparición da cultura de fronteira. O intercambio cultural e as relacións persoais entre galegos e portugueses son agora unicamente recordos que habitan nas mentes dos máis maiores. Os mozos portugueses seguen acudindo ás festas galegas e viceversa, pero non existen grupos mixtos de amigos.

A escolarización obrigatoria incúlcalles aos rapaces un sentimento forte de nacionalidade. Isto, xunto co ensino da lingua estándar, inflúe nos máis novos desvinculando por completo a súa cultura da cultura veciña. Mudan deste xeito as actitudes e as percepcións

lingüísticas destas novas xeracións. Sería este outro posible e interesante tema para tratar en futuras ampliacións desta investigación¹.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2010): “*E os da banda d’alá son máis estranxeiros ca os de Madrid?* Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría”, *Verba* 37, 57-88.
- Barragán Gómez, Rafael Alberto (2018): *Actitudes lingüísticas de hispanohablantes colombianos hacia el español de la Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- García Mañá, Luis Manuel (1988): *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.
- García Mañá, Luis Manuel (2000): *Couto mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Godinho, Paula (2009): “«Desde a idade de seis anos, fui muito contrabandista». O concelho de Chaves e a comarca de Verín, entre velhos quotidianos e novas modalidades emblemáticas”, en Dulce Freire, Eduarda Rovisco e Inés Fonseca (eds.), *Contrabando na fronteira luso-espanhola. Práticas, memórias e patrimônios*. Lisboa: Nelson Matos, 29-56.
- Gómez Molina, José (1998): *Actitudes lingüísticas en una comunidad bilingüe y multilectal*. Valencia: Universitat.
- Kavanagh, William (2011): “Identidades en la frontera luso-española: permanencias y transformaciones después de Schengen”, *Geopolítica(s). Revista de estudios sobre espacio y poder* 2(1), 23-50. https://doi.org/10.5209/rev_GEOP.2011.v2.n1.37896

1 Deixo a través deste proxecto unha pequena contribución á preservación da cultura transfronteiriza, esa cultura que forma parte de min. Non podería rematar este traballo sen dar as grazas a quen o fixo posible, esas voces rudas e desgastadas que non tremeron ao compartir comigo toda a sabedoría que se agocha nas súas cabezas. Eles, os veciños raianos que viviron nas épocas de esplendor da fronteira, son os verdadeiros protagonistas.

Santos Raña, Irene e Soraya Suárez Quintas (2014): “Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa: unha aproximación á perspectiva ourensá” en Xulio Sousa, Marta Negro Romero e Rosario Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 91-113.

APUNTAMENTOS BÁSICOS PARA UN ESTUDO DO GALEGO DE CERDIDO

José Luis Graña Muíño
jlgranam@yahoo.es

Resumo: No presente traballo ofrécese un conxunto de notas que caracterizan a fala do concello de Cerdido, situado na comarca de Ortegal. Sinálanse as súas características fonéticas, morfosintácticas e léxicas máis salientables con respecto ao galego común, tiradas do coñecemento do autor e sobre todo das gravacións das conversas mantidas cunha serie de veciños. Son de especial interese algúns fenómenos fonéticos como a realización do encontro da conxunción comparativa *que* co artigo *a* ou a do encontro do adverbio *non* seguido da forma *é*; e tamén certas características moi particulares da morfoloxía verbal.

Palabras chave: dialectoloxía, fala, fonética, morfoloxía, léxico, lingua galega.

Title: Basic notes for a study of Galician of Cerdido.

Abstract: This paper deploys a set of notes that characterize the speech of the municipality of Cerdido, located in the region of Ortegal. Its most outstanding phonetic, morphosyntactic and lexical characteristics are indicated with respect to common Galician, taken from the knowledge of the author and mainly from of the recordings of conversations maintained with people of Cerdido. Of particular interest are some phonetic phenomena such as the realization of the encounter of the comparative conjunction *que* with the article *a* or of the encounter of the adverb *non* followed by the form *é*; and also, certain very particular features of verbal morphology.

Key words: dialectology, speech, phonetics, morphology, lexicon, Galician language.

1. INTRODUCCIÓN

Cerdido é un concello da provincia da Coruña enmarcado na comarca de Ortegal, tamén denominada Terras do Ortegal. Linda ao norte con Cedeira, ao sur coas Somozas e Moeche, ao oeste con Valdoviño e ao leste con Ortigueira. Abrangue soamente tres parroquias: A Barqueira, Os Casás e Cerdido. As actividades económicas máis salientables son as derivadas da madeira, especialmente do eucalipto, a produción de arandos por parte dunha empresa establecida na parroquia da Barqueira e algunhas explotacións gandeiras de entidade discreta. Como na maior parte do territorio rural galego, a poboación está moi avellada por causa da migración constante das xeracións novas, no noso caso á comarca de Ferrolterra.

Estes apuntamentos non pretenden ser un traballo de recollida e organización sistemática dos trazos e características da fala deste territorio, senón unha serie de notas emanadas da observación da fala dos veciños e da memoria lingüística dun falante nacido en Cerdido que viviu permanentemente en galego. Estas liñas non teñen outra intención máis ca a de testemuñaren, dun xeito sinxelo, algunhas características da fala deste anaco do país.

Non se pretende describir dun modo completo unha variedade do noso idioma exclusiva da zona nin amosar a uniformidade no uso dos trazos salientados por parte de todos os falantes, pois ben coñecida é a existencia de variedades idiomáticas dentro de calquera país, dunha bisbarra, dun lugar e mesmo dentro de cada fogar, feito vencellado á flexibilidade das linguas. Por poñer un caso, haberá persoas do concello de Cerdido que nin sequera teñan oído a palabra *lampo* e, pola contra, pode que haxa veciños doutros concellos, máis ou menos afastados, que si a teñan sentido na súa contorna e, se cadra, empregado como falantes. A especificación das posibles variedades dialectais dependentes das diferentes parroquias, lugares, rúas, familias ou idades da poboación non son obxectivo destas anotacións e esixiría unha prospección sistemática que non se realizou para a redacción destes apuntamentos.

Unicamente analizaremos aqueles trazos que semellan máis determinantes do galego da zona, obviando no posible os adoptados como normativos pola Real Academia Galega, considerados pertencentes ao galego común e doadamente accesibles.

O que primeiro pode chamar a atención a unha persoa de fóra que escoite conversar os veciños de Cerdido é o seu xeito de falar potente pero cadencioso, de estilo figurado, raiando a retranca poética.

2. A PRONUNCIA

Antes de expoñer casos concretos que axuden a definir o galego de Cerdido, cómpre precisar que para representar os sons vaise empregar unha síntese do Alfabeto Fonético Internacional moi próxima á inserida nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, elaboradas pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega e aprobadas pola Real Academia no ano 2003, por supoñela clarificadora abondo. Prescindirase, entón, da representación de certos matices (sonorización, fricativización, palatalización...), tanto nos sons vocálicos coma nos consonánticos, que dificultarían a comprensión destas notas e que semellan propios dun labor máis especializado.

	GRAFÍA	NOME	REALIZACIÓN NA ZONA	ACLARACIÓN
Vogais	a	a	[a]	
	e	e	[ɛ]	aberto
			[e]	pechado
	i	i	[i]	
			[j]	asilábico
	o	o	[ɔ]	aberto
			[o]	pechado
	u	u	[u]	
[w]			asilábico	

	GRAFÍA	NOME	REALIZACIÓN NA ZONA	ACLARACIÓN
Consoantes	b	be	[b]	
	c	ce	[θ]	diante de /e/ ou /i/
			[k]	diante de /a/, /o/ ou /u/
	d	de	[d]	
	f	efe	[f]	
	g	gue	[ħ]	
	h	hache	(sen son)	
	l	ele	[l]	
	m	eme	[m]	
	n	ene	[n]	dental, alveolar
			[ŋ]	velar
	ñ	eñe	[ɲ]	
	p	pe	[p]	
	q	que	[k]	
	r	erre	[r]	vibrante simple
			[r̄]	vibrante múltiple
	s	ese	[s]	
	t	te	[t]	
	v	uve	[β]	
	x	xe	[ʃ]	en voces patrimoniais
		[s]	en préstamos e cultismos	
z	ceta	[θ]		
Dígrafos	ch	ce hache	[tʃ]	
	gu	gue u	[ħ]	
	ll	ele dobre	[ʎ]	
	nh	ene hache	[ɲ]	
	qu	que u	[k]	
	rr	erre dobre	[r̄]	

Signos diacríticos

[:] marca alongamento da vogal que o antecede.

['] antecede inmediatamente a sílaba tónica.

Nunha aproximación impresionista á fonética da fala desta zona, podemos sinalar como as súas marcas máis características as dúas seguintes:

- A gheada
- A tendencia á abertura das vogais.

2.1. A GHEADA

Como é esperable tendo en conta a situación xeográfica desta fala, encadrada dentro do chamado bloque occidental, a gheada é unha característica xeral na área e prodúcese en todos os casos do fonema /g/.

<i>gota</i>	[ˈhota]
<i>auga</i>	[ˈawha]
<i>felgo</i>	[ˈfelho]

A gheada ten lugar mesmo despois de consoante nasal:

<i>Ganguear</i>	[haŋheˈar]
-----------------	------------

2.2. VOGAL A

É de salientar que a extrema abertura e o alongamento que se producen nos casos de encontro <aa>, especialmente perceptible nos encontros de preposición *a* + artigo *a* e preposición *pra* (*pa*) + artigo *a*, obsérvase tamén noutros casos de realización de *a* tónico ou átono:

<i>Aínda que chova, imos á festa</i>	[ˈimosaːˈfesta]
<i>Fíxoo adrede. Vimolo todos</i>	[ˈfiʃoːaːˈdredɛ]
<i>Co que trouxo Ana, temos abondo</i>	[ˈtemosaːˈbondo]
<i>Os Reis levaban dous sacos de garridos e repartían a feito entre os pequenos</i>	[repaɾˈtiaɲaːˈfejto]
<i>Tras o vendaval, as máis das nozes estaban a carón</i>	[esˈtabaɲaːkaˈroɲ]
<i>Tropezou nun coio e foi a rolo polo prado abaixo</i>	[ˈfojaːˈrolopoloˈprado]

<i>A túa filla vai grande coma ti</i>	[baj'hrandekoma:'ti]
<i>O forno abre ás nove, coma sempre</i>	[koma:'sɛmpɾe]
<i>Cesáreo veu da feira canda min</i>	['bewkanda:'miŋ]
<i>Compreilles cada seu libro</i>	[kada:'sew'libro]
<i>Alí van as pequenas con cada súa carteira</i>	[kada:'suakar'tejra]

Hai casos en que unha vogal átona inicial de abertura media se transforma popularmente nunha vogal de abertura máxima [a]. Este fenómeno é relativamente frecuente en nomes propios, que cambian o seu *e* ou *o* inicial en *a*:

<i>Argimiro</i>	[arha'miro]
<i>Eliseo</i>	[ali'seo]/[ali'sew]
<i>Ernesto</i>	[ar'nesto]
<i>Heladio</i>	[a'ladjo]
<i>Obdulia</i>	[a'dulja]

2.3. VOGAL O

Poucas diferenzas significativas de pronuncia se aprecian respecto doutras áreas idiomáticas nas vogais velares de abertura media, cando van en situación acentuada, como pode observarse nas seguintes palabras:

Con [ɔ] aberto: *hora, morte, mortol-a, novol-a, ollo, pombol-a, sobra* (v. sobrar), (*de*) *sobra, torre, xogo* (e todos os tónicos da conxugación de *xogar*).

Con [o] pechado: *corte, dobre, Ferrol, nobre, sobre* (substantivo), *sol*.

Na secuencia do adverbio *non* e o pronomes persoal *o* prodúcese a elisión do /n/, resultando un /o/ pechado e alongado:

<i>Non mo deas, que non o quero</i>	[no:'kɛro]
<i>Onde están? Non os vexo</i>	[no:s'beʃo]

Mais no caso do encontro co pronome feminino, resulta un [ɔ:] alongado e de máxima abertura:

<i>Non ma deas, que non a quero</i>	[nɔ:'kɛrɔ]
<i>Onde quedaron elas? Non as vexo</i>	[nɔ:'s'beʃɔ]

Esta mesma diferenciación fonética [o]/[ɔ] rexístrase no encontro da preposición *con* cos artigos *o(s)* e *a(s)*.

<i>Foi co pai</i>	['fojko'pai]
<i>Está coa irmá</i>	[es'takɔ:ir'ma]

O resultado fonético da secuencia do *-a* final do comparativo *coma* co artigo *o(s)* é sempre un [ɔ]:

<i>Canta coma o primo</i>	['kantakomɔ:'primo]
<i>Come tanto el coma os dous fillos xuntos</i>	[komɔ:'s'dows]

2.4. VOGAL E

Pronúnciase aberto o é tónico das voces que seguen:

Nomes propios: *Adela, Amelia, Andrea, Aurelia, Carmela, Ghosefa, Marcela, Alberte, Andrés, Aniceto, Anselmo, Aurelio, Baldomero, Ernesto, Modesto, Nemesio, Rafael, Tero* (Eleuterio).

Nomes comúns: *cabanela, cadela, cancela, comenencia, enterro, felgo, festa, lamela, lixelas, pacencia¹, recelo², resto, restrá, subela, tixela, vilela.*

Adxectivos: *aberto, lévedo, reseso, revello.*

Verbos: As formas do presente de indicativo, do presente de subxuntivo e a 2ª persoa do imperativo do verbo *medrar*.

1 DRAG, *paciencia*.

2 DRAG, *receo*.

medro, medras, medra, medran
medre, medres, medre, medremos, medredes, medren
medra (ti)

A mesma realización preséntana as formas análogas dos verbos *acertar, apretar*³, *berrar, cerrar, comezar, encetar, enterrar, rezar, segar*.

No entanto, o *e* presenta realización pechada nestoutros casos:

Nomes propios: *Estrella*⁴, *Alfredo, Vicente*.

Nomes comúns: *esquerda, vento, xente* e mais en todos os derivados por sufixación *-mento* (*atrevemento, coñecemento, sentimento...*).

Adxectivos: os derivados por sufixación *-nte* (*dormente, crecente, valente...*).

Son dignos de salientar dous casos particulares que afectan a realización dun *e* átono seguido doutra vogal:

a) No encontro do comparativo *que* co artigo *a*, no que se produce unha contracción que dá como resultado un son [ɛ].

A filla de Tero é máis nova que a túa [kɛ:'tua]

O /e/ da conxunción comparativa xa é, de por si, aberto, mais non tanto, nin presenta longura.

Máis vello que ti [kɛ'ti]

No encontro co artigo masculino non se produce tal contracción, senón un hiato das dúas vogais en contacto [ɛo] ou ben unha sinérese.

3 DRAG, *apertar*.

4 DRAG, *Estrela*.

Máis novo que o teu [kɛo'tew]

b) O adverbio *non* seguido da forma *é* (ser) nas expresións *non é milagro* e *non é verdade*:

Non é milagro⁵ que pense así [ˈnemiˈlahro],
despois dos desengaños⁶ que leva tido con elisión do son [ŋ]
Antonte pasache⁷ por aquí á tardiña, [naberˈda]?, abrindo a
non é verdade? realización en [a].

Fóra do comentado sobre a abertura, cómpre mostrar a presenza do /e/ paragóxico, nomeadamente, nos infinitivos do verbo, máis común cando son a última palabra dun grupo fónico:

Na casa do gaiteiro todos saben bailar [ˈsabeŋbajˈlare]
Agora de vello déuselle por escribir [poreskriˈbire]

Este *e* paragóxico, en posición final de grupo fónico, tamén pode aparecer nalgúns substantivos acabados en *-r*:

O tío Xacobe é o máis vello do lugar [doluˈhare]

3. MORFOLOXÍA

3.1. TERMINACIÓNS -AO/-Á

As terminacións latinas *-ANUM* e *-ANAM* evolucionan para o galego desta área en *-ao* e *-a*, respectivamente, nas palabras patrimoniais:

5 DRAG, *Milagre*.

6 DRAG, *Desengano*.

7 DRAG, *Pasaches*.

Irmaolirmá, chaolchá, graolgra; vrao; mao⁸; mañá, pasadomañá, mazá

O substantivo *curmán* non ten presenza na área; no seu lugar emprégase *primo carnal*.

Non se conservan continuadores patrimoniais do lat. SANU/SANA nin de CHRISTIANU, dos que se rexistraron os castelanismos *sanol/sana* e *cristiano*.

A realización do /o/ final de *-ao*, continuador de *-ANU*, adoita ser moi cerrada, de maneira que nalgúns falantes se aproxima a un [u].

3.2. O ARTIGO

O uso do artigo determinado é moi común na toponimia e, tamén, para nomear as casas ou as familias: *Os Abruñeiros, A Campeira, O Espiño, A Gangoa, O Picadeiro, A Rexedreira, A Xaneira, O Xestal, Os de Curuxeira, Os de Bellas, Os de Ricardo...* Non é que sexa unha particularidade da área, mais semella preciso porfiar nesta realidade porque se aprecia no galego actual unha tendencia a elidir o artigo nestes casos, nomeadamente, en planos, mapas e documentos dixitalizados. O tratamento informático dos datos está danando nitidamente a pureza toponímica secular⁹.

A segunda forma do artigo utilízase nos casos especificados nas *Normas* (2003), agás detrás dos pronomes tónicos *nós* e *vós*, dos indefinidos *ambos, ambas, entrambos, entrambas* e detrás do adverbio *u*, porque nin estes pronomes nin o adverbio están vivos na área xeográfica actualmente.

Hai que apagar o lume

[apa'halo'lume]

8 DRAG, *Man*. O substantivo *mao*, a pesar de ter xénero feminino, procede dunha secuencia latina *-ANU* (*MANU*).

9 É unha mágoa que rematemos reproducindo a linguaxe sintética da megafonía do metropolitano: Sol (por 'Puerta del Sol'), Ventas (por 'Plaza de las Ventas'), Colón (por 'Plaza de Colón')..., que no caso do noso país xa se ve que vén dando en *Príncipe* (no canto de *Rúa do Príncipe*), *Obelisco* (no canto de *O Obelisco*), *Toural* (no canto de *Praza do Toural*), *Escravas* (no canto de *Convento das Escravas*), *Gudiña* (no canto de *A Gudiña*), *Barqueira* (no canto de *A Barqueira*), *Pena* (no canto de *A Pena*)...

<i>Non fagas a comida aínda</i>	[ˈfaħalakoˈmida]
<i>Hoxe vimos os cinco</i>	[ˈbimolosˈθiŋko]
<i>Dígovos o que penso</i>	[ˈdiħobolokeˈpenso]
<i>Onde deixastes os documentos?</i>	[deiˈʃastelosdokuˈmentos]
<i>Devolvínlles os discos</i>	[debolˈbinħelosˈdiskos]
<i>Deunos o recado onte á noite</i>	[ˈdewnoloreˈkado]
<i>Así, todos os días</i>	[ˈtodolosˈdias]
<i>Habemos pasar polo concello</i>	[polokonˈθeħo]
<i>Mira tras a mesa</i>	[tralaˈmesa]
<i>Vou a Tralaeira</i>	[tralaˈejra]
<i>A miña a mais a túa</i>	[amaħlaˈtua]

3.3. O PLURAL

En canto á produción dos plurais, as palabras agudas rematadas en *n* fan o plural en *-s*, producíndose a elisión do /n/: *caixón* – *caixós*, *calcetín* – *calcetís*, *algún* – *algús*, *un* – *us* (en función pronominal).

Para o plural do artigo *un* conviven as formas *unhos* e *us*, aínda que a maioría dos falantes utiliza a primeira.

Os substantivos e adxectivos patrimoniais de uso tradicional non monosílabos, que levan o acento na última sílaba e que acaban en *-l* realizan o plural suprimindo o *-l* e engadindo un *-s*:

casal – *casás*, *cadril* – *cadris*, *mandil* – *mandís*, *animal* – *animás*, *corral* – *corrás* (tamén *currás*). Mais *español* – *españoles*, *aquel* – *aqueles*

3.4. O PRONOME PERSOAL

As formas tónicas de 1ª e 2ª persoa de plural son *nosoutros* e *vosoutros*. Non rexistramos ningún caso de uso de *nós* e *vós* e tampouco documentamos as formas *connosco* e *convosco*.

Cómpre salientar a clara diferenciación entre as formas átonas *lle* e *lles*, formas que ofrecen un uso vacilante noutras zonas, coa inexistencia, nalgúns casos, da forma *lles*. A vitalidade da forma de

plural *lles* é a que explica o uso habitual das formas contractas *llelo*, *llela*, *llelos* e *llelas*.

En canto ao uso das formas obxecto da segunda e terceira persoas, non se aprecia a utilización dos acusativos *te*, *o(os)*, *a(as)* co verbo *axudar*. Sempre oiremos *Axúdoche aí?* e *Axudeille a recoller todo ao rematáremos*¹⁰ *o traballo*, no canto de *Axúdote aí?* ou *Axudeinola a recoller todo ao rematáremos o traballo*.

Outro caso particular é o uso do acusativo e o dativo co verbo *querer*. Co significado de *desexar*, *ter interese*, *querer* presenta construción transitiva.

Non o vaias tirar, que o quero eu

Se non te queren eles no equipo, quérémoste nosoutros

Pero co significado *ter cariño*, *querer* úsase construtivamente como intransitivo:

Ben sabes canto che quero

O padriño quérelle pola vida

É xeneralizada a utilización dos alomorfos *lo(s)* e *la(s)* das formas átonas de obxecto directo do pronome persoal de terceira persoa tras do castelanismo *Dios*: ['djolo'pañe], [djolo'kejra]. ['djolas'tejana'hlorja].

3.5. O POSESIVO

O encontro do distributivo *cada* e os posesivos (o) *seu* e (a) *súa* produce as formas *cada seu* e *cada súa*. A realización fonética na área (§ 2.2.) aconsella a ortografía analítica.

Os pequenos viñan da escola con cada súa carteira

As pequenas estaban enmeinando con cada seu coche

10 *Rematáremos*, en vez da forma estándar *rematarmos*.

Non se rexistran casos de *cada seus* nin *cada súas*. Para a distribución de varias realidades posuídas emprégase a expresión analítica *cada un os (as) seus (súas)*.

Déronlle a cada un os seus documentos

Pagáronlle a cada un as súas mazás

O falante de Cerdido ten formas diferenciadas para os casos nos que o posuidor é a 1ª ou a 2ª persoa do plural: *cada noso, cada nosa, cada voso, cada vosa*.

Agasalláronnos con cada nosa novela [kada:'nɔsa]

Heivos traer cada voso garrido [kada:'bɔso]

3.6. CUANTIFICADORES

Estas son as formas rexistradas:

*algún - algús, algunha(s), alguén, algo, ningún - ningús, ningunha(s), naide*¹¹, *nada, un - us, unha(s), pouco(s), pouca(s), abondo(s), abonda(s), moito(s), moita(s), ben, máis, menos, tanto(s), tanta(s), todo(s), toda(s), cada*

3.7. IDENTIFICADORES

Rexistráronse as seguintes formas:

*outro(s), outra(s), calquera, tal, tales, mesmo(s)*¹², *misma(s)*¹³, *o(s) demais, a(s) demais, o(s) máis, a(s) máis*

11 *Naide*, en vez da forma estándar *ninguén*.

12 DRAG, *mesmo(s)*.

13 DRAG, *mesma(s)*.

3.8. O VERBO

Segundo o criterio establecido ao comezo da exposición, neste apartado faranse constar, nomeadamente, as particularidades que presenten os tempos verbais relativas á realización fonética das súas formas respecto das adoptadas como estándar polas *Normas* (2003).

Nas enumeracións que combinen formas estandarizadas con outras non estandarizadas, empregarase letra redonda para as primeiras e cursiva para estas últimas. Se as formas referidas se presentan illadas, figurarán en cursiva.

3.8.1. Variacións xerais

A 1ª e a 2ª persoa do plural do copretérito, do antepretérito e do pospretérito de indicativo e do pretérito de subxuntivo realízanse con acentuación proparoxítona:

falábamos, falábades; faláramos, falárades; falaríamos, falaríades; falásemos, falásedes

As formas en *-ra*, propias do antepretérito de indicativo, empréganse tamén para accións de subxuntivo (pretérito) e mesmo son dominantes respecto das formas en *-se*:

Con que viñera Matilda, xa me conformaba

O morfema flexional da 2ª persoa do pretérito de indicativo en calquera verbo é *-che*:

contache, dixechе, fuche...

No pretérito de indicativo, os verbos regulares da 3ª conxugación flexionan en *-eu* a 3ª persoa de singular:

reparteu, recibeu, abreu...

Os verbos regulares da 2ª e da 3ª conxugación realizan o presente de subxuntivo atendendo a estes paradigmas:

volva	reparta
volvas	repartas
volva	reparta
<i>volvemos</i>	<i>repartemos</i>
<i>volvedes</i>	<i>repartedes</i>
volván	repartan

O *e* tónico das formas da 1ª e 2ª persoas de plural realízase aberto.

Unha gran maioría dos falantes fan o infinitivo conxugado coas desinencias \emptyset , -es, -e, -emos, -edes, -en: ir, ires, ir, *íremos*, *íredes*, iren.

Non se rexistrou na fala actual ningún caso de uso do futuro de subxuntivo.

3.8.2. Particularidades na conxugación

Sentir, servir, seguir

Realizan o presente de indicativo con alternancia na vogal radical, segundo esta sexa tónica ou átona:

sinto	sirvo	sigo
<i>sintes</i>	<i>sirves</i>	<i>sigues</i>
<i>sinte</i>	<i>sirve</i>	<i>sigue</i>
sentimos	servimos	seguimos
sentides	servides	seguides
<i>sinten</i>	<i>serven</i>	<i>siguen</i>

E presentan variación da vogal radical na 3ª persoa do pretérito de indicativo.

sentín	servín	según
<i>sentiche</i>	<i>serviche</i>	<i>seguiche</i>
<i>sinteu</i>	<i>serviu</i>	<i>sigueu</i>
sentimos	servimos	seguimos
sentistes	servistes	seguistes
sentiron	serviron	seguiron

Seguen estes paradigmas todos os verbos da 3ª conxugación que teñen /e/ como vogal radical (*competir, repetir, espir, medir, pedir...* e os derivados de *sentir* e de *seguir*).

Pola contra, *mentir* segue o paradigma dos pretéritos, mais non o do presente, que realiza coa alternancia vocálica adoptada como normativa: *minto, mentes, mente, mentimos, mentides, menten*.

Andar

Andar presenta paradigma irregular no pretérito e no antepretérito de indicativo e mais no pretérito de subxuntivo.

<i>anduvén</i>	<i>anduvera</i>	<i>anduvese (anduvera)</i>
<i>anduveche</i>	<i>anduveras</i>	<i>anduveses (anduveras)</i>
<i>anduvo</i>	<i>anduvera</i>	<i>anduvese (anduvera)</i>
<i>anduvemos</i>	<i>anduvéramos</i>	<i>anduvésemos (anduvéramos)</i>
<i>anduvestes</i>	<i>anduvérades</i>	<i>anduvésedes (anduvérades)</i>
<i>anduveron</i>	<i>anduveran</i>	<i>anduvesen (anduveran)</i>

Ter

Ter e os seus derivados presentan as mesmas desinencias que *andar* no pretérito e no antepretérito de indicativo e mais no pretérito de subxuntivo: *tuvén, tuvera, tuvese (tuvera)*.

Na 2ª persoa do plural do presente de indicativo amosa como forma única *tedes*, e a forma de plural do imperativo é unicamente *tede*.

Estar

Estar posúe formas análogas a *andar* e *ter* no pretérito e no antepretérito de indicativo e no pretérito de subxuntivo. Ademais, ofrece no singular do imperativo a forma *estén*.

<i>estuvén</i>	<i>estuvera</i>	<i>estuvese (estuvera)</i>
<i>estuveche</i>	<i>estuveras</i>	<i>estuveses (estuveras)</i>
<i>estuvo</i>	<i>estuvera</i>	<i>estuvese (estuvera)</i>
<i>estuvemos</i>	<i>estuvéramos</i>	<i>estuvésemos (estuvéramos)</i>
<i>estuvestes</i>	<i>estuvérades</i>	<i>estuvésedes (estuvérades)</i>
<i>estuveron</i>	<i>estuveran</i>	<i>estuvesen (estuveran)</i>

Ser

Á parte do dito para a 2ª persoa do singular do pretérito de indicativo no apartado 2.8.1, o verbo *ser* afástase da conxugación adoptada como normativa no presente de subxuntivo e no imperativo.

<i>sea</i>	
<i>seas</i>	<i>sen</i>
<i>sea</i>	
<i>seemos</i>	
<i>seedes</i>	<i>sede</i>
<i>sean</i>	

O *e* tónico das formas da 1ª e a 2ª persoa de plural realízase aberto e o pretónico, moi pechado, achegándose por veces a unha realización [i].

Ir

Presenta as formas do copretérito de indicativo con /b/, coincidentes co castelán:

iba, ibas, iba, ibamos, ibades, iban

Na persoa do plural do imperativo conviven a forma estándar *ide* coa dialectal *vade*.

Haber

Presenta variación no paradigma do presente de subxuntivo:

haiba, haibas, haiba, haibemos, haibedes, haiban

Poder

Respecto do estándar, á parte do dito no apartado 2.8.1 para a 2ª persoa do pretérito de indicativo, *poder* presenta variacións na raíz das formas do presente, do pretérito e do antepretérito de indicativo e mais do pretérito de subxuntivo.

<i>poido</i>	<i>puiden</i>	<i>poidera</i>	<i>poidese (poidera)</i>
<i>podes</i>	<i>poidече</i>	<i>poideras</i>	<i>poideses (poideras)</i>
<i>pode</i>	<i>puido</i>	<i>poidera</i>	<i>poidese (poidera)</i>
<i>podemos</i>	<i>poidemos</i>	<i>poidéramos</i>	<i>poidésemos (poidéramos)</i>
<i>podedes</i>	<i>poidestes</i>	<i>poidérades</i>	<i>poidésedes (poidérades)</i>
<i>poden</i>	<i>poideron</i>	<i>poideran</i>	<i>poidesen (poideran)</i>

Moer (e rematados en -oer)

Á parte do referido para a 1ª e a 2ª persoas do plural do presente de subxuntivo dos verbos en *-er*, *moer* varía, respecto do paradigma adoptado polas *Normas* (2003), no presente de indicativo:

moio, mos, moi, moemos, moedes, mon

Caer

Con respecto ao paradigma do galego estándar, *caer* amosa particularidades especiais na 2ª e 3ª persoas do singular e na 3ª de plural do presente de indicativo e mais na 2ª de singular do imperativo:

<i>caio</i>	
<i>cas</i>	<i>cai</i>
<i>cai</i>	
<i>caemos</i>	
<i>caedes</i>	<i>caede</i>
<i>can</i>	

Traer

Presenta as mesmas desinencias que *caer* para o presente de indicativo e a 2ª persoa de singular do imperativo e, ademais, ofrece unha dobre forma nalgúns persoas do presente, do pretérito e do antepretérito de indicativo e do presente e do pretérito de subxuntivo.

Pte. indicativo	Pto. indicativo	Apto. indicativo
traio / <i>traigo</i>	trouxen / <i>trouguen</i>	trouxera / <i>trouguera</i>
<i>tras</i>	<i>trouxeche / trougueche</i>	trouxeras / <i>trougueras</i>
<i>traí</i>	trouxo / <i>trougo</i>	trouxera / <i>trouguera</i>
traemos	trouxemos / <i>trouguemos</i>	<i>trouxéramos / trouguéramos</i>
traedes	trouxeistes / <i>trougueistes</i>	<i>trouxérades / trouguérades</i>
<i>tran</i>	trouxeron / <i>trougueron</i>	trouxeran / <i>trougueran</i>
Pte. subxuntivo	Pto. Subxuntivo	Imperativo
traia / <i>traiga</i>	trouxese / <i>trouguese</i>	
traias / <i>traigas</i>	trouxeises / <i>trougueseis</i>	<i>traí</i>
traia / <i>traiga</i>	trouxese / <i>trouguese</i>	
<i>traíemos / traiguemos</i>	<i>trouxésemos / trouguésemos</i>	
<i>traíedes / traiguedes</i>	<i>trouxésedes / trouguésedes</i>	traede
traian / <i>traigan</i>	trouxeisen / <i>trouguesen</i>	

Ver

A 3ª persoa do singular do pretérito de indicativo segue o modelo regular da 2ª conxugación:

Vin, *viche*, *veu*, vimos, vistes, viron

3.9. ADVERBIOS E LOCUCIÓN ADVERBIAIS

Nos adverbios, conxuncións e preposicións recolleamos algunhas ríolas de palabras e locucións invariables que se usan acotío na zona. Nada máis que se aclarará o significado ou sentido daquelas que non estean recollidas no dicionario en liña da RAG ou daquelas que teñan un uso moi concreto entre os varios ofrecidos polo dicionario.

De lugar

abaixo, acó, acolá, adiante, aí, alí, aló, arriba, atrás, cerca, dentro, derriba, detrás, diante, embaixo, enriba, fóra, lonxe, onde; á beira, a carón¹⁴, ao lado, ao pé, ao redor.

14 [a:ka'roŋ] no chan (*Cando fun á horta vin que as mazás estaban case todas a carón do vento que fixerá*).

De tempo

agora, aínda, antes, antonte, atrás, axiña, cando, cedo, cerca, daquela, despois, detrás, diante, diario¹⁵, entón, hoxe, logo¹⁶, mañá, mentras¹⁷, namentras¹⁸, nunca, onte, pasadomañá, seguido, sempre, tarde, xa; a cada pouco, a deshora, a diario, a tempo, ao outro día, ao primeiro, ao raro, ás veces, á última¹⁹, con tempo, de alí a un pouco, de aquí a un pouco, de camiño²⁰, de cando en cando, de cando en vez, por veces, pouco a pouco.

De cantidade e precisión

abondo, algo, ben, canto, case, logo, máis, medio, menos, mesmo²¹, moi, moito, nada, pouco, talmente, tan, tanto, xusto; de máis, de menos, de sobra, de todo, por aí.

De modo

adrede, amodo, así, ben, como, devagar, drado²², mal, mellor, peor, á calada, a feito, á présa, ao dreito²³, ao fin, ao que tal²⁴, ás agachadas, ás apalpadadas, de balde, de golpe, en balde.

De afirmación

abofé, efectivamente, si, tamén; así mesmo²⁵, por iso.

15 Amais das acepcións que aparecen no DRAG, tamén como adverbio co significado de 'sempre, seguido' (*Ándase queixando diario de que non lle facemos caso*).

16 DRAG *acep.* 1. En pouco tempo, sen tardar. 2. Case, cerca de.

17 DRAG, *mentres*.

18 DRAG, *namentres*.

19 'Ao remate, nos últimos momentos' (*Botamos tres anos en Francia, pero aló á última xa non había traballo e houbo que virse*).

20 DRAG s.v. *axiña*.

21 DRAG, *mesmo*.

22 'De boa gana' (*Moi drado chegaba á casa da tía, que non a vexo canto hai. Mañá sen falta vou aló*).

23 DRAG, *ao dereito*.

24 'Perfectamente, de xeito inmejorable' (*O cadro é excepcional e o marco vénlle ao que tal*).

25 DRAG, *así mesmo*.

De negación

*nin, non, tampouco*²⁶; *nin siquera*²⁷.

De dúbida

disque, quizabes, ao mellor, pode que, poida que, se cadra.

Escalares

*alomenos*²⁸, *cando menos.*

De rectificación

Máis ben, canto máis.

3.10. CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS CONXUNTIVAS

Copulativas

a mais, e, nin.

Disxuntivas

nin... nin, ou, ou... ou.

Adversativas

*pero, pro*²⁹, *a menos que, así e todo, e iso que, fóra de que, quitado que.*

Concesivas

así, aínda que, por (+adxectivo) que, por máis que, por moito que.

Causais

como, porque, que; por cousa de que, por culpa de que, visto que.

26 En construción oracional vai sempre reforzado con *non* (*Eu tampouco non oín pasar o tren*).

27 DRAG, *nin sequera*.

28 DRAG, *polo menos* (máis recomendable).

29 DRAG, *pero* (máis recomendable).

Consecutivas

daquela; así que, de modo que, tan(to)... que.

Finais

para que.

Condicionais

cando; a non ser que, caso de que, con que, con tal que, nada que, quitado que, senón que.

Comparativas

coma, como, que.

Locativas

onde.

Temporais

cando, conforme, mentras³⁰, namentras³¹; antes que, así que, asta (astra)³² que, axiña que, cada vez que, desde que, despois de que, en canto, aínda ben non.

Modais

como; coma se.

Completivas

que, se.

30 DRAG, *mentres* (máis recomendable).

31 DRAG, *namentres* (máis recomendable).

32 DRAG, *ata, até*.

3.11. PREPOSICIÓNS E LOCUCIÓNS PREPOSITIVAS

a, asta (astra)³³, cabo, canda, (de, en) cas, con, contra, de, desde, en, entre, pra (pa)³⁴, por, sacado, sin³⁵, sobor³⁶, tras, xunta; cerca de, de par de, debaixo de, dentro de, derriba de, despois de, detrás de, diante de, en lugar de, en vez de, enriba de, fóra de, lonxe de, no canto de, por cousa de, por culpa de, sobor de.

4. LÉXICO

Velaquí algunhas palabras e locucións precisas nunha exposición sobre a fala de Cerdido, ben polo respecto que merece a súa calidade patrimonial, ben por iren caendo en desuso, ben por seren variantes non estandarizadas, pero que se manteñen vizosas nesta área xeográfica.

Para aclarar o significado de cada palabra, empregárase un sinónimo recollido no corpus do dicionario da Real Academia Galega. Se non houberse un sinónimo axeitado, defínirase a palabra ou aclarárase o significado da locución ou perífrase.

apedoiro: loro, estrobo.

No caso das palabras que sexan variantes doutras si recollidas polo dicionario, marcarase tal correspondencia facendo a referencia ao dicionario (DRAG).

véspora: DRAG s.v. *avéspora*.

As voces que figuren recollidas no dicionario da Real Academia Galega non levan ningunha aclaración a non ser que o significado corresponda a unha acepción concreta entre varias dadas nesa obra ou que haxa un homónimo tamén definido no DRAG. Nese

33 DRAG, *ata, até*.

34 DRAG, *para* (máis recomendable).

35 DRAG, *sen*.

36 DRAG, *sobre* (máis recomendable).

caso, reproducirase un sinónimo (ou máis dun) achegado polo dicionario ou, para evitar dúbidas, a definición correspondente ao termo.

bagullo

golpe: DRAG s.v. *raposo*.

amigo: DRAG (todas as acepcións como substantivo).

lindeiro: DRAG s.v. Prado de secaño a onde se leva o gando a pacer, a alindalo.

4. I. SUBSTANTIVOS

alboio

alpaeiro: argalleiro, mentireiro.

amigo: DRAG (todas as acepcións como substantivo).

antroido: DRAG s.v. *entroido*.

apedoiro: loro, estrobo.

atazo: apeiro.

bagullo

baraxa: DRAG s.v. *baralla*. Conxunto de naipes.

boreo: 1. Ruído propio de conversas ou discusións entre dúas ou máis persoas. 2. DRAG s.v. *boureo*.

borrallo: Morea de materia incandescente que vai resultando de queimar os terróns da roza. [Non é aplicable aos restos que quedan de facer o lume na lareira, que en Cerdido se nomea *cinza*] (*Que ben saben as patacas asadas no borrallo!*).

braña: Toxo adulto cortado para estrar as cortes ou meter á terra directamente para facela máis lixeira (*Os homes erguéronse moi cedo pra ir á braña*).

cabazo: DRAG s.v. Hórreo de feitura arredondada construído con varas.

carabullo

carapola

caruma: 1. chareta. 2. fasco.

caseiro: DRAG s.v. Persoa que traballa a medias ou mediante arrendamento as terras dun amo.

choca

cómaro: DRAG s.v. *comareiro*.

conexo: DRAG s.v. *coello*.

congostra

deligas: DRAG s.v. *deligras*.

delor: DRAG s.v. *dolor* (dor).

ducia

estrume

faragulla

ferrada: DRAG s.v. Recipiente, xeralmente metálico, provisto dunha asa ou dun mango longo, que se usa para quitar auga dun recipiente maior ou para bebela. [Na zona, unicamente o que ten mango. Para o útil de asa resérvase a voz *tanque*].

forcadela (unicamente rexistrada na expresión *virar a f*): Dar unha viravolta, un pinchagato (*De pequeno gustábame virar a forcadela*).

gadaipo: Resto baixo que queda ao cortar un arbusto ou árbore moi nova (toxo, xesta, abeira etc.) e que resulta perigoso para magoar os pés ou para tropezar nel.

gado

galleta: DRAG s.v. (todas as acepcións).

garrido: DRAG s.v. Pequeno regalo que se lles fai aos nenos.

golpe: DRAG s.v. *raposo*.

gripo: DRAG s.v. *gripe*.

lampo: fouciña.

larpada: DRAG s.v. *lambetada*.

limacha

lindeiro: DRAG s.v. Prado de secaño a onde se leva o gando a pacer, a alindalo.

lorbaga

lóstrego

lugar: 1. DRAG s.v. Núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural. 2. Casa con todas as súas terras (*Os padriños están de caseiros no lugar do tío Manuel de Canosa*).

lustre

maciñeira: DRAG s.v. *maceira* (máis recomendable).

mai

miaxa: DRAG s.v. *migalla*.

molo: miolo.

morteiro: Parte de labradío no que se acaba de botar, ou está xa nacida, algunha clase de semente (*Era ben quitarlle as herbas ao morteiro das coles*).

neboeiro

nixaro: nixo.

panterlo

parexa: DRAG s.v. *parella*.

páxaro: DRAG s.v. *paxaro*.

pelica

pequeno

péxego: DRAG s.v. *pexego*.

pinabeta: DRAG s.v. *piña*. Froito das árbores coníferas.

poceira

pradio: DRAG s.v. *pradairo*.

preguiza

rapaz: Home de idade comprendida entre o remate da adolescencia e a entrada á vellez (*Ese rapaz leva traballando na empresa hai máis de vinte anos*).

rebordela: noiro.

restreba

roza: DRAG s.v. *estivada*.

rustrido

soleira

tixela

trobón: DRAG s.v. *trebón*.

véspera: DRAG s.v. *avéspera*.

vilela: Lugar con abundancia de casas sen chegar á entidade da vila.

víspera: (*masc.*) DRAG s.v. *véspera*.

xarra

4.2. ADXECTIVOS

aleuto

apadomado: Dise daquel material ou obxecto que axeita a súa forma

mansamente a unha estrutura que lle serve de base (*tiña o pelo apadomado e iso que viña ao dreito da cama*).

aqueloutrado

arteiro

azoso: 1. Doado (*É un labor ben azoso de facer*). 2. Cómodo (*Esta ferramenta é moi azosa, dá gusto traballar con ela*) 3. Dise da persoa que se presta para facer calquera traballo e que o realiza con xeito (*Vou chamar outra vez a Fidel para que veña podar as maciñeiras, que é moi azoso*).

bon: DRAG s.v. *bo*.

decrebado: Dise do territorio moi accidentado (*Ir do Puntal a Bar-daos cansa moito porque é moi decrebado*).

dormente: DRAG s.v. [Membro do corpo] que adormeceu, que perdeu momentaneamente o movemento ou a sensibilidade.

dreito: DRAG s.v. *dereito*.

fanfarrón

peado

rebello: [re'beʎo] traste, aduaneiro.

reseso

revellido

ríspero

zopeiro: [θɔ'pejro] preguiceiro.

O sufixo-ico

Detéctase o emprego do diminutivo *-ico* nos adxectivos connotativamente negativos, achegándolles un carácter burleiro pero afectivo a un tempo, suavizando o seu significado: En *O pequeno de María é catívico* quérese intensificar a idea de que ten un “corpo miúdo”, pero cunha intención xocoso-agarimosa. Cando se di *A moza de Xacinto évos feíca* trátase de expresar, sen maldade, que a moza é fea.

4.3. APELATIVOS

aieü: Apelativo respectuoso invariable empregado máis ben para dirixirse aos veciños de maior idade (*Aieü tía Andrea, podíame deixar a escada, que quería subir ao hórreo?*).

4.4. VERBOS

abater: DRAG s.v. *abater*.

abordelar

adormecer

afacerse (empregado soamente como verbo pronominal).

aforcarse (empregado soamente como verbo pronominal).

agachar: DRAG s.v. *agachar*. Gabear, rubir.

aleixoar(se): mancar(se).

alindar: DRAG s.v. *hom*. Levar [o gando] a pacer, procurando que se mantéña dentro dos lindes do pasto.

alivar: escampar.

aloumiñar

arrequecer: DRAG s.v. *lucir*.

avelloar

axar: DRAG s.v. *voar* (como intransitivo).

batir: DRAG s.v. *bater*.

borear: DRAG s.v. *bourear*.

bourar: DRAG s.v. Dar golpes fortes a [algo ou alguén].

brincar

bulir

callar: 1. DRAG s.v. (todas as acepcións). 2. Avultar, resultar moi voluminoso ou abundante (*Oín que Toquio ten máis de doce millóns de habitantes. Aínda me calla, eh!*).

cear: DRAG s.v. (como intransitivo).

chegar(se): DRAG s.v. (como pronominal).

cheirar: DRAG s.v. Despedir mal olor.

cimbrar

corexar: bafexar.

encetar

enmeinar: xogar, brincar.

entrillar: DRAG s.v. Pillar e esmagar [un dedo, unha man etc.] entre dúas superficies que se apertan unha contra a outra.

esfargallar

esganar(se)

esquencer: DRAG s.v. *esquecer*.

estar (*a*+infinitivo): DRAG s.v. Expresa que a acción indicada polo infinitivo está a piques de suceder (*Non te demores, que o bus está a chegar*).

facer (para accións referidas a roupa, calzado): valer, servir (*Estes zapatos non me fan, preciso un número máis*).

folgar: 1. DRAG s.v. (intransitivo). 2. Non ter necesidade de usar algunha ferramenta ou útil de traballo. (*Fólgache o lampo? [...] Daquela lévoa. Vólvocho de camiño*).

ganguear: Moverse un corpo animado involuntaria e descoordinadamente por causa dunha enfermidade ou unha indisposición ocasional (*A aquel home algo lle pasa, que vai gangueando coma se estivese borracho*).

largar: 1. Parar de realizar unha tarefa (*Haberá que largar, que a min xa me doen os cadrís*). 2. Rematar a xornada laboral (*A que hora largades na vosa empresa?*).

lixugar: manchar.

lordar: loitar.

parolar

podreecer

porfiar

quedarse: Quedar a durmir unha ou varias noites na casa de alguén (*Fíxose tarde, vale máis que te quedes*).

tentar: 1. DRAG s.v. Inducir [alguén] a facer certa cousa, particularmente cando non debe facela ou non lle convén. 2. Poñer especial coidado na realización dalgunha tarefa ou na vida en xeral (*Tenta coa comida. Acórdate do que che dixo o médico*).

ter (*o camiño*): Sair ao encontro de alguén para tratar algún asunto, preferentemente, transcendental (*Onte á noite tívenlle o camiño a Sara na Volta dos Carros e díxenlle o que levo calado hai moito tempo*).

toquear

tornar: DRAG s.v. Facer que [algo ou alguén] se vaia de onde está ou se desvíe do camiño que leva.

xuntarse: DRAG s.v. (pronominal).

zochar: Loitar corpo a corpo (*Alí había moito boreo e, sen máis, xa vimos dous mozos zochando un no outro coma carneiros*).

zorregar: 1. DRAG s.v. Pegar 2. Tirar, lanzar (*O home tiña unha vara na man e zorregouna contra o valado coa idea de matar a velutina*).

zoupar

5. CONCLUSIÓNS

A atención continuada á realidade lingüística nesta área permite confirmar o que vén acontecendo nas últimas décadas na maior parte do territorio galego: estase a perder patrimonio lingüístico a favor do castelán e do inglés. Feito ao que contribúen factores de distinta orde, como:

a. O cambio da realidade socioeconómica da zona.

Pásase dunha economía baseada na actividade agro-gandeira de minifundio e na explotación forestal directa, con dous serra-doiros activos, que ocupaba practicamente a poboación de todas as idades no terzo medio do século pasado, a outra na que a man de obra diversifica a súa ocupación en profesións desenvolvidas, as máis das veces, fóra do concello e mesmo nun ámbito urbano. Séguese traballando a terra e coidando algunhas cabezas de gando, pero case exclusivamente para consumo propio. Os máis novos vanse arredando progresivamente deses labores e, xa que logo, do léxico a elas vencellado.

b. A globalización e implantación das novas tecnoloxías.

As xeracións mozas van substituíndo o léxico propio da vida cotiá de pais e avós polo que lles esixe o emprego dos novos dispositivos, nos que a nosa lingua ten aínda, infortunadamente, menos presenza que o inglés e o castelán.

c. As actitudes lingüísticas.

Vai medrando o número de familias que crían os seus fillos en castelán. E tamén as que os envían a clases complementarias de inglés, convencidos de que este é, co castelán, o idioma importante, mentres que o galego halles ser de pouca ou nula utilidade. De xeito que o galego perde peso mesmo na familia e vai ficando limitado ás obrigas do currículo escolar.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- DRAG = González González, Manuel (dirs.) (2012-): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <http://academia.gal/diccionario>
- Fernández Rei, Francisco (2003)³: *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia..
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006): *Gramática da Lingua Galega. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Porto Dapena, J. Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana. Verba*. Anexo 9. Santiago de Compostela: Universidade.
- Real Academia Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega.

FONTES DE TRANSMISIÓN ORAL

Veciños de Cerdido, entre os que salientan, polas súas importantes achegas, Obdulia Lamela, Ramiro do Río, Honoraria Muíño, Leonides de Penso e Jerónimo Graña.

RECENSIONES

Estudos de Lingüística Galega número especial
(2018) [monográfico: *Gramáticas en tránsito.
Variación e mudanza no complexo lingüístico
galego-portugués*]. Edición de Francisco Cidrás,
Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira. 268 páxs.
/ Raquel Vila Amado



***Estudos de Lingüística Galega* número especial
(2018) [monográfico: *Gramáticas en tránsito.
Variación e mudanza no complexo lingüístico
galego-portugués*]. Edición de Francisco Cidrás,
Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira. 268 páxs.**

Raquel Vila Amado
Instituto da Lingua Galega

Este é un volume especial monográfico¹, o primeiro da revista *Estudos de Lingüística Galega*. Contén 14 artigos mais un limiar construídos ó redor do tema da variación e mudanza lingüísticas. Os artigos constitúen unha escolma das comunicacións presentadas no *III Congreso Internacional de Lingüística Histórica* (Santiago de Compostela, xullo de 2015) e todos parten do principio de que as linguas vivas están en continua evolución e cambio. Como aspecto salientable do volume podemos mencionar a presentación conxunta de traballos referidos ós ámbitos galego, portugués europeo e portugués brasileiro, que desenvolven linguas distintas pero relacionadas a través dunha orixe común. Nas páxinas finais do monográfico inclúese un índice de artigos e outro de autores e autoras. Este último ofrece unha breve identificación dos autores e autoras dos textos recollidos. Tamén figura o Comité de avaliación científica, que recolle os nomes das persoas encargadas da avaliación das contribucións que integran o monográfico.

No limiar, “Gramáticas en tránsito no espazo galego-luso-brasileiro”, Francisco Cidrás, Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira presentan a organización dos estudos, os motivos do seu agrupamento e os aspectos comúns a todos os traballos (mudanza lingüística, perspectiva variacionista, metodoloxías empregadas polos autores, revisión dos textos...), ó mesmo tempo que expoñen brevemente o tema, o enfoque e o contido de cada un dos artigos. No agrupamento seguen unha aproximación temática, partindo daqueles estudos que teñen unha maior relación coa teoría e

1 <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/issue/view/303>

a sociolingüística histórica (Scherre/Yacovenço/Naro e Lopes/Marcotulio/Oliveira) ata rematar cos que se refiren á variación diatópica (Álvarez Pérez, Brissos, Mota/Lopes, Maia e Louredo). Entre os dous grupos anteriores sitúanse os estudos que aluden á mudanza gramatical (Fiéis/Lobo, Santos Raña e Andrade) e os que aluden a construcións cunha forte tensión variacional (Pinto, Sousa, Marcotulio/Santos e Domínguez Oroña). Cada un dos traballos está acompañado dun resumo e das correspondentes palabras clave, en inglés e na lingua en que está redactado (galego ou portugués na modalidade de Portugal ou do Brasil).

No artigo que abre o monográfico, “*Nós e a gente* no portugués brasileiro: conscordâncias e discordâncias”, do que son autores Maria Marta Pereira Scherre, Lilian Coutinho Yacovenço e Anthony Julius Naro, analízase o encaixe lingüístico da variación e a mudanza dos pronomes *nos* e *a gente* no portugués brasileiro. Esta análise permite entender as dinámicas sociolingüísticas que entran en xogo neste proceso. Compáranse dúas rexións (Baixada Cuiabana, no Matto Grosso, e Vitoria, capital do Espírito Santo) que presentan comportamentos lixeiramente distintos (privilexian formas diferentes). Con respecto á estrutura do artigo, primeiro preséntanse os presupostos de partida, logo a análise dos casos frágmenntase por termos e rexións e na última epígrafe recapitúlanse as conclusións dos diferentes apartados e establécense os resultados con respecto ós presupostos de partida.

No seguinte traballo, “A atuação dos papeis sociais na mudanza no sistema de tratamento no portugués brasileiro: análise de cartas persoais (1870-1979)”, Célia Regina dos Santos Lopes, Leonardo Lennertz Marcotulio e Thiago Laurentino de Oliveira estudan a mudanza lingüística referida ó uso dos termos *tu* e *você* no portugués brasileiro. Como material de investigación empregan cartas persoais redactadas no Estado de Rio de Janeiro entre os anos 1870 e 1979. Os autores presentan polo miúdo os presupostos metodolóxicos empregados e explicitan tanto as hipóteses de partida como os problemas atopados durante a investigación. Tocan aspectos relacionados coa posición social dos falantes, as relacións de poder ou os graos de parentesco. Nas consideracións

finais presentan un resumo deste proceso evolutivo, coas diferentes fases e os aspectos característicos de cada unha delas.

Alexandra Fiéis e Maria Lobo son as autoras do artigo titulado “Word order in Portuguese gerund clauses: comparing Old Portuguese and Dialectal Portuguese”, no que comparan a posición suxeito-verbo e verbo-suxeito entre o portugués antigo e o portugués dialectal, para o que contrastan termos de textos medievais do CIMP con outros recollidos do CORDIAL-SIN, un corpus con transcripcións de fala de informantes de áreas rurais de Portugal. Despois de estableceren os comportamentos habituais de cada unha das variedades lingüísticas, tratan de formular hipóteses para explicar as causas destes fenómenos.

O estudo “Variación na colocación dos pronomes átonos nalgúns complexos verbais do galego” analiza o posicionamento dos clíticos en oracións con máis dunha forma verbal. Neste traballo Irene Santos Raña compara textos procedentes do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) de tres períodos distintos (1875-1900, 1900-1925 e 1975-2000). Como punto de partida, defínense os complexos verbais e preséntase a situación dos estudos previos e a metodoloxía. A análise dos datos sepárase atendendo a diferentes verbos auxiliares, considerando o tipo de complexo, a posición do clítico e a variable extralingüística tempo. Nas conclusións, a autora fala de variación entre diferentes construcións verbais, pero non atopa datos suficientes para demostrar a existencia dun cambio lingüístico na colocación dos clíticos nestas construcións e períodos analizados.

Aroldo de Andrade analiza no seu traballo “A special type of left dislocation in Galician and Portuguese: the D-construction” a chamada construción-D (sintagma determinante + pronome demostrativo + oración principal), que se identifica como un caso de dislocación á esquerda dun tópico colgado. No artigo estúdanse os compoñentes desta construción e os seus aspectos prosódicos e pragmáticos e preséntase unha explicación unificada para o galego e o portugués europeo. Nas conclusións do artigo deféndese que esta construción-D debe ser considerada unha construción sintáctica marcada e preséntanse posibles temas de investigación para o futuro.

Clara Pinto é a autora de “Negative indefinites in the history of Portuguese: the case of *nemigalha*”, onde estuda os indefinidos

negativos do portugués antigo. Centra a súa investigación no indefinido *nemigalha*, que desaparece do portugués arredor do século XVI. En primeiro lugar, establece o uso da negación no portugués antigo (partículas negativas, minimizadores, termos fracos...) e a evolución que estes termos deberían seguir para quedaren consolidados na gramática da lingua. Despois de establecer os termos xerais, Pinto céntrase no indefinido *nemigalha*, a súa competencia co termo *nada*, a súa especialización funcional e a súa desaparición.

O traballo “Sobre as orixens da distinción entre negação de proposição e negação de evento no português brasileiro», de Lílian Teixeira de Sousa, trata as diferenzas entre os tres tipos de negación existentes no portugués brasileiro (negación de evento, negación de proposición e negación metalingüística) co fin de estudar as orixes da negación de proposición. A autora presenta unha hipótese sobre a orixe deste modelo de negación que se apoia sobre a análise de diferentes *corpora* de textos nos que se pode detectar o seu uso e comparalo cos outros modelos de negación.

No artigo “Sobre construccões analíticas com leitura possessiva no galego-português medieval”, Leonardo Lennertz Marcotulio e Cláudio Leonardo João Pedro Castilho R. B. dos Santos falan da desaparición das construcións analíticas de tipo posesivo no paso do galego-portugués medieval cara ó galego e ó portugués modernos. Os autores relacionan a súa desaparición coa identificación errónea destas construcións con sintagmas xenitivos formados por un posesivo e unha preposición. Neste traballo dedícase bastante espazo á descrición da situación no período medieval antes de entrar na análise do seu comportamento evolutivo e nas causas da súa desaparición.

María Beatriz Domínguez Oroña estuda en “Construcciones causativas e anticausativas en galego: o caso de *aprender*” a evolución do verbo *aprender*, que no galego moderno e contemporáneo adquire valores causativos e anticausativos, empregándose tanto co sentido de *aprender* como de *ensinar*. Analízanse ambos os usos, diferentes tipos de construcións asociadas ó verbo e a súa evolución semántica e sintáctica. Tamén se dedica un apartado específico á distribución dialectal deste verbo e as súas variantes innovadoras.

Na achega “*Eu às vezes digo com as letras e outras vezes digo sem as letras, porque eu sei escrever*”. Evolución de trazos dialectais

portugueses no século XX”, Xosé Afonso Álvarez Pérez estuda as variedades dialectais do portugués no século XX a través dos cinco fenómenos dialectais definidos por Lindley Cintra. O autor analiza para isto dous grandes atlas lingüísticos, o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) e o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), que conteñen datos referidos a diferentes períodos que cobren a segunda metade do século XX. As conclusións ás que chega o autor presentan a necesidade dunha actualización das clasificacións dialectais empregadas, que non sempre se corresponden coas realidades actuais.

O artigo titulado “Proposta de reformulação da caracterización dialectal do noroeste portugués”, de Fernando Brissos, céntrase nunha área e variedade dialectal moi concretas (Baixo Minho e Douro Litoral). O autor propón unha actualización das características que se apoñen a este tipo dialectal definido por Cintra. Partindo dunha análise do modelo de Cintra, afronta o estudo dos trazos máis característicos desta área (ditongación das vogais tónicas), tanto no interior do territorio coma nos espazos circundantes. A partir da comparación das diferentes zonas, esboza unha nova proposta de caracterización desta variedade dialectal e reformula algunhas cuestións básicas de historia, fonética e fonoloxía do portugués.

En “Os subfalares do Norte do Brasil e o traçado das vogais medias pretónicas”, asinado por Jacyra Andrade Mota e Paulo Henrique de Souza Lopes, realízase unha proposta de división dialectal da rexión do norte do Brasil en dúas áreas novas: o falar baiano e o falar nordestino, segundo a proposta de Nascentes. Dáse especial importancia á explicación da metodoloxía seguida tanto para a recompilación como para o tratamento dos datos. Préséntanos unha distribución das variables atopadas e as súas características. No que respecta á análise dos datos, téñense en conta tanto variables sociais (idade, sexo, escolarización...) como lingüísticas e ofrécese non só unha visión da situación actual, senón tamén unha posible tendencia futura.

Edson Galvão Maia, en “Enfraquecimento do /S/ em coda silábica em dados do sul do Amazonas (Brasil)”, estuda en territorios do sur do Brasil un fenómeno que se atopa en todo o portugués brasileiro: o /S/ en coda silábica, que presenta gran cantidade

de resultados nas falas do Brasil (desde as variantes alveolar ou alveopalatal ata o enfracuementamento ou mesmo apagamento da coda). Partindo dos estudos fonolóxicos sobre a sonoridade e analizando os datos obtidos a través de enquisas e cuestionarios, chega á conclusión de que o enfracuementamento do /S/ neste contexto é unha variable rexional que non está relacionada con factores sociais (nivel cultural, educación...).

No último traballo do volume, “Cambio lingüístico e morfoloxía: aproximación ao galego da comarca do Ribeiro”, Eduardo Louredo Rodríguez pretende amosar que o factor territorial e a idade son determinantes na aparición de determinadas variables lingüísticas. Neste caso as variables morfolóxicas estudadas analizan a variación da vogal radical en determinados verbos (*subir, durmir...*) e a alternancia de determinadas formas verbais (*facer/faer/faguer...*). O autor adopta o enfoque metodolóxico do estudo en base ó “cambio lingüístico en tempo aparente” e recolle datos en tres franxas de idade para tratar de descubrir as tendencias evolutivas existentes que afecten as variables analizadas, como a tendencia á homoxeneización entre os falantes máis novos. Considera que serán necesarios estudos de seguimento destas tendencias nos vindeiros 15 ou 20 anos.

Estamos ante un volume que ofrece un interesante debate e intercambio de información en temas relacionados co cambio lingüístico no galego e no portugués. Os traballos nel recollidos permítennos observar como certas tendencias coinciden ou diverxen segundo o espazo xeográfico. Outro valor do volume é o de presentarnos enfoques diferentes, tanto lingüísticos como sociais, sobre un mesmo fenómeno. O que demostran con total claridade todos os traballos é que tanto o galego coma o portugués son linguas vivas e que, como tales, están en continuo cambio e mudanza, polo que non é suficiente con estudar o pasado que nos trae ata aquí, senón que tamén é preciso analizar o presente, no que se están a fraguar innovacións que, nalgúns casos, se consolidarán en cambios que configurarán a lingua do futuro.

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así como á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recesións de obras de interese para eses mesmos fins.
2. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión.
4. Para poder enviar traballos en liña, e para poder comprobar o estado dos traballos enviados, o autor debe rexistrarse previamente cubrindo o formulario pertinente no seguinte enderezo: <http://publicacions.academia.gal/index.php/Cadernos/user/register>. Unha vez rexistrado poderá acceder á revista co seu nome de usuario e o contrasinal.
5. O texto será sometido a revisión por pares, polo que debe vir sen marcas de autoría. Debe cubrirse separadamente un formulario complementario co título, nome de autor(es), información sobre adscrición institucional, enderezo de contacto, que se atopa na plataforma da revista. A decisión final sobre a publicación correspóndelle ao Consello de Redacción.
6. O proceso de avaliación, desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora, non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
7. A entrega dos traballos para a publicación en *Cadernos de Lingua* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
8. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
9. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 11, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 40.000 caracteres por artigo.
10. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as dúscenas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.

11. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2., 3., 4. / 1.1., 1.2., 1.3., 1.4./ 1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1 etc., segundo o seu nivel na xerarquía.
12. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de citación internacional:
 - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
 - Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:
 - Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz-und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.
 - González González, Manuel e Xosé Luís Regueira (2016): “Galicia en los inicios de los estudios de fonética acústica dentro del estado español”, en Ana María Fernández Planas (ed.), *53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística*. Barcelona: Universitat, 373-382.
 - Cabré, M. Teresa (2009): “Technologie et terminologie : changements méthodologiques et épistémologiques”, *Cahiers de lexicologie* 94, 31-56.
 - TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2013-): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [consulta en maio-setembro 2011].
13. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas pónense en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
14. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
15. Táboas/cadros. Realízanse utilizando o comando específico de “edición de táboas”. As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).

16. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).
17. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
 - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en “modo liña” ou “mapa de bits” (non se recomenda o modo “escala de grises”); a resolución será de 1.200 ppp.
 - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.
Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.
Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. Fig.1).
18. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
19. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
20. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

Notas

Seguiranse os mesmos criterios ca para os artigos, pero a extensión deberá estar comprendida entre 7.000 e 20.000 caracteres.

Recensións

As recensións deben levar a referencia bibliográfica completa. A extensión máxima dunha recensión será de 10.000 caracteres. Deben presentarse en Times New Roman, corpo 11, espazo simple.

CONTIDO

- 9 Lidia Gómez Martínez
A muda lingüística na xuventude:
momentos e factores
- 53 Lucía Díaz Nicolino
A fronteira galego-portuguesa.
Actitudes e percepcións lingüísticas
- 77 José Luís Graña Muíño
Apuntamentos básicos
para un estudo do galego de Cerdido
- 111 Raquel Vila amado
Estudos de Lingüística Galega número especial
(2018) [monográfico: *Gramáticas en tránsito.
Variación e mudanza no complexo lingüístico
galego-portugués*]. Edición de Francisco Cidrás,
Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira. 268 páxs.